

**ACTA NUMERO OITO DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E NOVE DE
XANEIRO DE DOUS MIL OITO :-.....**

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. Manuel Lores Púente
- D. José-Ramón López Fernández
- D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil oito. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTA ANTERIOR:

98 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O 17 DE XANEIRO DE 2008. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

99 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 1503/07 A RES. Nº 1632/07). A **Sra. presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as resolucións da alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A corporación dáse por informada.-----

100 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA. En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co art. 41.22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A corporación dáse por informada.-----

101 : EXPTE. Nº U-98/07 DE “PROINNOVACIÓN GALICIA, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN FONTENLA-NOALLA”. Polo **Sr. secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“”2º) EXPTE . Nº U-98/07 DE “PROINNOVACIÓN GALICIA, S.L.”. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN FONTENLA-NOALLA”:

dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 15 de novembro de 2007 que literalmente di:

“”Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcadesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

- "ESTUDIO DE DETALLE", visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 07/02/2007.
- Informe do Arquitecto Municipal de data 13/06/2007
- Informe emitido pola Secretaría Xeral en data 31/07/2007.
- Informe do interventor xeral fiscalizando favorablemente o expediente, de data do 06/08 /2007.
- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/08/2007, prestando APROBACIÓN INICIAL ó Estudio de Detalle.
- Trámite de Información pública, mediante anuncios inseridos no Faro de Vigo de 13/09/2007, no B.O.P. Nº 184 de 21/09/2007 e no D.O.G. Nº 183 de 20/09/2007.
- Certificación da Secretaría Xeral de data 14/11/2007, acreditativa da NON presentación de alegación algunha como resultado do trámite de información pública.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos "Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo", entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos "Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo", entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á APROBACIÓN DEFINITIVA do estudio de detalle para ordenación de volumes en Fontenla – Noalla, tramitado a instancia da mercantil PROINNOVACIÓN GALICIA, S.L., ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P.

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva.""

Dáse conta igualmente do certificación do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 22 de novembro de 2007.

Non se produce debate, e a presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Mixto e Sr. presidente).

Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a **Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo**, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN FONTELA-NOLLA", tramitado a instancia da mercantil "PROINNOVACIÓN GALICIA, S.L.", segundo documentación técnica subscrita polo arquitecto D. José-Manuel Quinteiro Crespo, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 7 de febreiro de 2007 e documentación complementaria visada o 15 de maio de 2007.

SEGUNDO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaria xeral de aprobación definitiva.

CUARTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.""

Non se produce debate e a presidencia somete o asunto a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar definitivamente o "ESTUDO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN FONTELA-NOLLA", tramitado a instancia da mercantil "PROINNOVACIÓN GALICIA, S.L.", segundo documentación técnica suscrita polo arquitecto D. José-Manuel Quinteiro Crespo, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 7 de febreiro de 2007 e documentación complementaria visada o 15 de maio de 2007.

SEGUNDO: publicar este acordo no "Diario Oficial de Galicia" e no "Boletín Oficial da Provincia", debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste estudo de detalle; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

CUARTO: levanta-la suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.-----

102 : EXPTE. Nº U-443/06 DE "INVERGAR MARVIL, S.L.", "PORTA AMÉRICA INMOBILIARIA, S.L.", Mª CORONA VÁZQUEZ TORRES E FRANCISCO MARIÑO BARREIRO. CORRECCIÓN DE ERROS DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI-15 EN PADRIÑÁN-SANXENXO. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo que literalmente di:

""3º) EXPTE . Nº U-443/06 DE "INVERGAR MARVIL, S.L.", "PORTA AMERICA INMOBILIARIA, S.A.", Dª Mª CORONA VÁZQUEZ TORRES E D. FRANCISCO MARIÑO BARREIRO. CORRECCIÓN DE ERROS DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PEI-15 EN PADRIÑÁN-SANXENXO": dáse conta do expediente ós asistentes, así como da proposta do xerente municipal de urbanismo de 21 de xaneiro do actual que literalmente di:

""Rafael Vázquez Abal, Xerente de Urbanismo da Xerencia Municipal do Concello de Sanxenxo, por Resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta de data de 15 de xaneiro de 2007.

Á vista de:

- Acordo da Corporación Municipal en Pleno de data do 27/03/2007, aprobando definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior en desenvolvemento do solo urbano non consolidado denominado PEI 15.
- Informe do arquitecto municipal, de data do 14/01/2008.
- Informe do secretario accidental de data do 21/01/2008
- A corrección consiste en incorporar a alegación estimada e que non se incorporou a aprobación definitiva e quedando o cadro resumen como o que acompaña no documento anexo á presente proposta.

Considerando que ao abeiro do establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, nos termos da modificación pola Lei 15/2004, apartado 1, letra a), ao solo urbano dos municipios con Plan Xeral de Ordenación

Municipal adaptado á Lei 1/1997, do Solo de Galicia, aplicaráselle o disposto nesa Lei para o solo urbano, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento en vigor.

Considerando que ó abeiro do disposto no artigo 29.1.g) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Xerente atópase a propoñe-la aprobación dos instrumentos de planeamento de desenrolo e de xestión urbanística.

E que ó abeiro do disposto no artigo 21.1.b) dos “Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Sanxenxo”, entre das facultades do Consello da Xerencia, atópase a de elevar ó Pleno do Concello proposta de resolución respecto da aprobación definitiva dos instrumentos de ordenación urbanística.

En consecuencia, e á vista de todo o anteriormente exposto,

PROPONSE Ó CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO:

1º) Propoñer ó Pleno do Concello proceder á **A CORRECCIÓN DO ERRO DA APROBACIÓN DEFINITIVA** do plan especial de reforma interior para desenvolvemento do PEI nº 15, en Padriñán – Sanxenxo, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.

2º.- Ao abeiro do disposto no artigo 92.2) desa mesma Lei, o acordo de aprobación definitiva haberá de publicarse, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia; e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no B.O.P., a publicación do cadro correcto que substitúe o erróneo

3º.- Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da Secretaría Xeral de aprobación definitiva.””

CUADRO RESUMEN

SUPERFICIE DEL POLIGONO	14.177,02 m2
SUP DEL POL.CON APROVECHAMIENTO	13.863,59 m2
APROV. MÁXIMO DEL POLIGONO	13.863,59 u.a.
MAX APROVECHAMIENTO RESIDENCIAL 0,82	11.368,14 u.a.

SUPERFICIE EDIFICABLE			
PARCELAS EDIFICABLES	parcela	m2	A edificar
TOTAL	PARCELA 1	1.377,71	3.279,01 m2 (*)
	PARCELA 2	3345,59	7.352,44 m2 (*)
	PARCELA 3	1.121,37	3.232,14m2 (*)
	TOTAL	5.844,67	13.863,59 m2

OCUPACION DE SUELO SOBRE RASANTE			
PARCELAS EDIFICACABLES	Parcela	m2	Ocup. Pl. Baja
TOTAL	PARCELA 1	1.377,71	954,12 m2
	PARCELA 2	3345,59	2.245,83 m2
	PARCELA 3	1.121,37	923,47 m2
	TOTAL	5.844,67	4.123,42 m2
TOTAL OCUPACION SOBRE RASANTE (s/13.863,59)		29,74 %	

ESPACIOS LIBRES PRIVADOS	parcela	superficie
TOTAL	PARCELA 1	423,59 m2
	PARCELA 2	1.223,97 m2
	PARCELA 3	0,00 m2
	TOTAL	1.647,56 m2

USO PUBLICO EN SUPERFICIE	parcela	superficie
TOTAL	PARCELA 1	0,00 m2
	PARCELA 2	0,00 m2
	PARCELA 3	197,90 m2
	TOTAL	197,90 m2

PROPUESTA DE CESIONES			
ESPACIOS LIBRES PUBLICOS		Propuesta	
TOTAL	Z LIBRE 1		483,30 m2
	Z LIBRE 2		2.482,32 m2
	Z LIBRE 3		1.027,94 m2
TOTAL	28,81%		3.993,56 m2

VIALES	Rodadura, aparc. y aceras.	4.025,36 m2
TOTAL	29,04%	4.025,36 m2
TOTAL CESIONES (8006,11 + 12,81)	57,84%	8.018,92 m2
VIALES EXISTENTES		313,43 m2
TOTAL DEL ÁMBITO		14.177,02m2

(*) El Proyecto de Equidistribución podrá asignar edificabilidades distintas a cada parcela de resultado sin sobrepasar la edificabilidad máxima del sector.””

Visto o informe do arquitecto municipal, do 14 de xaneiro do actual, que literalmente di:

””Visto o escrito presentado por D. Francisco Mariño Barreiro con data 26 de outubro de 2007 e rexistro de entrada nº 4.928, no seu propio nome e en representación dos outros tres interesados, e visto o expediente de referencia, SE INFORMA:

01. A Corporación Municipal en Pleno en sesión realizada o día 27 de marzo de 2007 acordou a aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma Interior en desenvolvemento do solo urbano non consolidado denominado PEI.15. No acordo de aprobación se estimaba a alegación presentada por D. José Balboa Chan, en representación de Construcciones Balboa y Chan S.L.. En consecuencia, se estimaron os 12,81 m² de superficie edificable definidos na alegación presentada, e recollidos nos novos cadros de superficies do PERI presentados polos promotores con data 26 de febreiro de 2007.

02. Nos cadros de superficies modificados indicados no punto anterior se incluía o aproveitamento de 12,81 m² asinable ó alegante. Estes cadros substitúen os grafiados nos planos nº 05, 08, 09, 10 e 11 do PERI.

03. No novo escrito presentado polos promotores, solicitan que se incorpore un novo cadro corrixido á aprobación definitiva. Este cadro, resumen das superficies edificables e das parcelas resultantes do PEI.15, se corresponde co incluído inicialmente na páxina 13 da memoria do PERI, e que por erro, segundo indican os promotores, non se corrixiu antes da aprobación definitiva.

04. No novo cadro aportado se inclúen os 12,81 m² edificables indicados na alegación estimada, cuantificándose a superficie edificable máxima do polígono en 13.863,59 m², de acordo co cadro modificado do plano 11 recollido na aprobación definitiva. En consecuencia, procede incluír no acordo este novo cadro, para o cal compre tramitar a correspondente corrección de erros. ””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto**, mostra a súa estrañeza de que este asunto, fora tratado hai uns minutos no consello de xerencia e agora estea incluído dentro da orde do día desta comisión. Pregunta á secretaria da comisión se no consello da xerencia houbo algún problema ó tratar este asunto.

A **Sra. secretaria** manifesta que non ten constancia de que houbera algún problema e que non é a primeira vez que sucede isto, que un expediente vaia a estas dúas sesións, consello da xerencia e comisión de urbanismo, no mesmo día.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** non entende por qué non hai algún técnico, xerente ou arquitecto, asistindo a esta sesión. Seguidamente pregunta quen son os membros desta comisión.

O **Sr. presidente** contesta que os membros son: a presidencia, un representante do Grupo Municipal do PP, un representante do Grupo Municipal Socialista, un representante do Grupo Municipal do BNG e un representante do Grupo Municipal Mixto, así como a secretaria da comisión, nomeada por unha resolución da alcaldía.

Sometido o asunto a votación (sistema de voto ponderado acordado polo concello Pleno en sesión de 09/07/2007) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **8 (Grupo Municipal do PP e Sr. presidente).**

Abstencións: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

O **Sr. presidente** pregunta ó representante do Grupo Municipal Mixto, cal é o sentido do seu voto e o **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifesta que *“a Sra. secretaria interprete o seu voto como queira”*.

O **Sr. presidente** insiste en que diga o sentido da súa votación, a favor, en contra ou pola abstención e o **Sr. Rodríguez Lorenzo** volta a dicir o mesmo, *“que a Sra. secretaria interprete o seu voto como queira”*.

En consecuencia, non se computa voto do Sr. Rodríguez Lorenzo e a Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo, por maioría, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a corrección do erro detectado na aprobación definitiva do **“PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PARA DESENVOLVEMENTO DO PEI Nº 15 EN PADRIÑÁN-SANXENXO”**, tramitado a instancia de **“INVERGAR MARVIL, S.L.”**, **“PORTA AMÉRICA INMOBILIARIA, S.A.”**, **Dª Mª CORONA VÁZQUEZ TORRES E D. FRANCISCO MARIÑO BARREIRO**, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, **incorporando a alegación** estimada, presentada pola mercantil **“CONSTRUCCIONES BALBOA Y CHAN,**

S.L.”, quedando definitivamente incorporado o **cadro-resumo modificado do plano 11 recollido na aprobación definitiva**, que substitúe ó cadro erróneo anterior.

O cadro correcto, que pasa a formar parte do PERI nº 15 é o seguinte:

SUPERFICIE DEL POLIGONO	14.177,02 m2
SUP DEL POL.CON APROVECHAMIENTO	13.863,59 m2
APROV. MÁXIMO DEL POLIGONO	13.863,59 u.a.
MAX APROVECHAMIENTO RESIDENCIAL 0,82	11.368,14 u.a.

SUPERFICIE EDIFICABLE			
PARCELAS EDIFICABLES	Parcela	m2	a edificar
TOTAL	PARCELA 1	1.377,71	3.279,01 m2 (*)
	PARCELA 2	3345,59	7.352,44 m2 (*)
	PARCELA 3	1.121,37	3.232,14m2 (*)
		5.844,67	13.863,59 m2

OCUPACION DE SUELO SOBRE RASANTE			
PARCELAS EDIFICABLES	Parcela	m2	Ocup. Pl. Baja
TOTAL	PARCELA 1	1.377,71	954,12 m2
	PARCELA 2	3345,59	2.245,83 m2
	PARCELA 3	1.121,37	923,47 m2
		5.844,67	4.123,42 m2
TOTAL OCUPACION SOBRE RASANTE (s/13.863,59)		29,74 %	

ESPACIOS LIBRES PRIVADOS	Parcela	superficie
TOTAL	PARCELA 1	423,59 m2
	PARCELA 2	1.223,97 m2
	PARCELA 3	0,00 m2
		1.647,56 m2

USO PUBLICO EN SUPERFICIE	Parcela	superficie
TOTAL	PARCELA 1	0,00 m2
	PARCELA 2	0,00 m2
	PARCELA 3	197,90 m2
		197,90 m2

PROPUESTA DE CESIONES			
ESPACIOS LIBRES PUBLICOS	Propuesta	superficie	
TOTAL	Z LIBRE 1	483,30 m2	
	Z LIBRE 2	2.482,32 m2	
	Z LIBRE 3	1.027,94 m2	
	28,81%	3.993,56 m2	
VIALES	Rodadura, aparc. Y aceras.	4.025,36 m2	
TOTAL	29,04%	4.025,36 m2	
TOTAL CESIONES (8006,11 + 12,81)		57,84%	8.018,92 m2
VIALES EXISTENTES			313,43 m2
TOTAL DEL ÁMBITO			14.177,02m2

(*) El Proyecto de Equidistribución podrá asignar edificabilidades distintas a cada parcela de resultado sin sobrepasar la edificabilidad máxima del sector.

SEGUNDO: publicar este acordo no “Diario Oficial de Galicia” e no “Boletín Oficial da Provincia”, co cadro anteriormente reflectido; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de corrección de erros da aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares desta corrección, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.”

Non se produce debate e a presidencia somete o asunto a votación acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: sete (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar a corrección do erro detectado na aprobación definitiva do "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PARA DESENVOLVEMENTO DO PEI Nº 15 EN PADRIÑÁN-SANXENXO", tramitado a instancia de "INVERGAR MARVIL, S.L.", "PORTA AMÉRICA INMOBILIARIA, S.A.", D^a M^a CORONA VÁZQUEZ TORRES E D. FRANCISCO MARIÑO BARREIRO, ao abeiro do disposto no artigo 86.2) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, incorporando a alegación estimada, presentada pola mercantil "CONSTRUCCIONES BALBOA Y CHAN, S.L.", quedando definitivamente incorporado o **cadro-resumo modificado do plano 11 recollido na aprobación definitiva**, que substitúe ó cadro erróneo anterior.

O cadro correcto, que pasa a formar parte do PERI nº 15 é o seguinte:

SUPERFICIE DEL POLÍGONO	14.177,02 M2
SUP DEL POL.CON APROVECHAMIENTO	13.863,59 m2
APROV. MÁXIMO DEL POLIGONO	13.863,59 u.a.
MAX APROVECHAMIENTO RESIDENCIAL 0,82	11.368,14 u.a.

SUPERFICIE EDIFICABLE			
PARCELAS EDIFICABLES	Parcela	m2	a edificar
	PARCELA 1	1.377,71	3.279,01 m2 (*)
	PARCELA 2	3345,59	7.352,44 m2 (*)
	PARCELA 3	1.121,37	3.232,14m2 (*)
TOTAL		5.844,67	13.863,59 m2

OCUPACION DE SUELO SOBRE RASANTE			
PARCELAS EDIFICABLES	Parcela	m2	Ocup. Pl. Baja
	PARCELA 1	1.377,71	954,12 m2
	PARCELA 2	3345,59	2.245,83 m2
	PARCELA 3	1.121,37	923,47 m2
TOTAL		5.844,67	4.123,42 m2
TOTAL OCUPACION SOBRES RASANTE (s/13.863,59)		29,74 %	

ESPACIOS PRIVADOS	LIBRES	Parcela	Superficie

TOTAL	PARCELA 1	423,59 m2
	PARCELA 2	1.223,97 m2
	PARCELA 3	0,00 m2
		1.647,56 m2

USO PUBLICO EN SUPERFICIE	Parcela	Superficie
TOTAL	PARCELA 1	0,00 m2
	PARCELA 2	0,00 m2
	PARCELA 3	197,90 m2
		197,90 m2

PROPUESTA DE CESIONES			
		Propuesta	
ESPACIOS LIBRES PUBLICOS		Z LIBRE 1	483,30 m2
		Z LIBRE 2	2.482,32 m2
		Z LIBRE 3	1.027,94 m2
TOTAL		28,81%	3.993,56 m2
VIALES	Rodadura, aparc. y aceras.		4.025,36 m2
TOTAL		29,04%	4.025,36 m2
TOTAL CESIONES (8006,11 + 12,81)		57,84%	8.018,92 m2
VIALES EXISTENTES			313,43 m2
TOTAL DEL ÁMBITO 14.177,02m2			

(*) El Proyecto de Equidistribución podrá asignar edificabilidades distintas a cada parcela de resultado sin sobrepasar la edificabilidad máxima del sector.

SEGUNDO: publicar este acordo no “Diario Oficial de Galicia” e no “Boletín Oficial da Provincia”, co cadro anteriormente reflectido; e notificar persoalmente ós propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

TERCEIRO: nese anuncio de corrección de erros da aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado á mesma de copias autenticadas de dous exemplares desta corrección, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.-----

103 : PROPOSTA DA ALCALDÍA ANTE O CENTRO DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO DE APOIO DA CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES A BEN CULTURAL DE PATRIMONIO DA HUMANIDADE. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“”2 : PROPOSTA DA ALCALDÍA ANTE O CENTRO DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO DE APOIO DA CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES A BEN CULTURAL DE PATRIMONIO DA HUMANIDADE : Polo Secretario dáse lectura a Proposta da Alcaldía, do tenor literal seguinte :

“”””A Torre de Hércules, único faro romano que segue en funcionamento no mundo é un sinal de identidade, non só da cidade da Coruña, senón de toda Galicia.

Os méritos arquitectónicos, históricos, medio ambientais, a súa singularidade e o seu entorno, foron recoñecidos na reunión celebrada o 11-10-07 en Cartagena (Murcia) pola Comisión del Patrimonio Histórico Español que decidiu que a Torre de Hércules fose a representante de España na lista indicativa de Bens Culturais Patrimonio da Humanidade no ano 2008.

É de interese para o noso concello que se lle outorgue á Torre de Hércules esa distinción, polo que supón tanto nos eidos da cultura e turismo, como nun maior recoñecemento a nivel mundial de A Coruña e tamén da nosa comunidade autónoma. É por elo que propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Mostrar a satisfacción desta corporación pola designación, por parte da Comisión del Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na prestixiosa e restrinxida Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

2º.- Apoiar á candidatura da Torre de Hércules ante o **Centro del Patrimonio Mundial de la UNESCO**, tendo en conta que é o único faro romano que leva alumeando as rutas dos atlánticos mares dende fai dous mil anos; tamén polo seu significado como sinal de identidade da cidade de A Coruña e por seres un dos monumentos máis relevantes e representativos de Galicia.

3º.- Trasladar este acordo ao Concello da Coruña e ao Instituto de Estudios Torre de Hércules (IETH) para que sexa incluído no expediente de apoio á candidatura””””.

Tamén se da conta do escrito presentado polo Grupo Municipal **VIPS**, con data 10 de Xaneiro actual en parecidos termos. Explicando seu representante que tal escrito se presentaba como un rogo e que á vista da proposta da Presidencia pode considerarse tal escrito como a vontade testemuñal do Grupo Municipal que asina.

Aberto o debate, os representantes de tódolos Grupos Municipais eloxian o recoñecemento da reunión celebrada en Cartaxena e prestan apoio a proposta da Alcaldía, e en consecuencia ditaminan favorablemente a proposta pedindo que o Pleno Municipal adopte os acordos seguintes:

PRIMEIRO : Mostrar a satisfacción desta corporación pola designación, por parte da Comisión del Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na prestixiosa e restrinxida Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

SEGUNDO : Apoiar á candidatura da Torre de Hércules ante o **Centro del Patrimonio Mundial de la UNESCO**, tendo en conta que é o único faro romano que leva alumeando as rutas dos atlánticos mares dende fai dous mil anos; tamén polo seu significado como sinal de identidade da cidade de A Coruña e por seres un dos monumentos máis relevantes e representativos de Galicia.

TERCEIRO : Trasladar este acordo ao Concello da Coruña e ao Instituto de Estudios Torre de Hércules (IETH) para que sexa incluído no expediente de apoio á candidatura.”””

Non se produce debate e a corporación municipal, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: mostrar a satisfacción desta corporación pola designación, por parte da Comisión del Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na prestixiosa e restrinxida Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

SEGUNDO: apoiar á candidatura da Torre de Hércules ante o **Centro del Patrimonio Mundial de la UNESCO**, tendo en conta que é o único faro romano que leva alumeando as rutas dos atlánticos mares dende fai dous mil anos; tamén polo seu significado como sinal de identidade da cidade de A Coruña e por seres un dos monumentos máis relevantes e representativos de Galicia.

TERCEIRO: trasladar este acordo ao Concello da Coruña e ao Instituto de Estudios Torre de Hércules (IETH) para que sexa incluído no expediente de apoio á candidatura.-

104 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APOIO Ó IRMANAMENTO “TORRE DE HÉRCULES & ESTATUA DE LIBERDADE DE NUEVA YORK”: Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

“”3 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APOIO Ó IRMANAMENTO “TORRE DE HÉRCULES & ESTATUA DE LIBERDADE DE NUEVA YORK” : Polo Secretario dáse lectura a Proposta da Alcaldía, do tenor literal seguinte :

“”””Coñecida por todos a importancia da Torre de Hércules de A Coruña e ante a solicitude do Instituto de Estudios Torre de Hércules desa cidade de irmanar o citado monumento coa Estatua da Liberdade de Nueva York, de importancia universal, esta alcaldía propón ó pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Apoiar o Irmanamento Torre de Hércules & Estatua da Liberdade.

2º) Remitir este acordo ó Ministerio de Asuntos Exteriores, o alcalde de A Coruña e ó Instituto de Estudios Torre de Hércules de A Coruña””””.

Se formulan preguntas polos concelleiros representantes dos Grupos da Oposición, de si tal iniciativa parte da propia alcaldía ou do Instituto de Estudios Torre de Hércules de A Coruña, e do exame do escrito deste Instituto se comproba que é unha petición expresa do mesmo.

Despois do conseqüente debate, a Comisión de Asuntos Xerais, por unanimidade con o voto pola abstención do representante do B.N.G., que traslada ó Pleno a decisión final de seu Grupo, acorda ditaminar favorablemente a Proposta da Alcaldía, e en consecuencia solicita que ó Pleno Municipal, adopte os seguintes acordos :

PRIMEIRO : Apoiar o Irmanamento Torre de Hércules & Estatua da Liberdade.

SEGUNDO : Remitir este acordo ó Ministerio de Asuntos Exteriores, o Alcalde de A Coruña e ó Instituto de Estudios Torre de Hércules de A Coruña.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Mixto, manifestou que ía a apoiar a proposta pero con “dor de corazón”, dicindo que sería máis apropiado o irmanamento con pobos ou con cidades que o irmanamento con estatuas.

Sometido o asunto a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: catro (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: apoiar o Irmanamento Torre de Hércules & Estatua da Liberdade.

SEGUNDO: remitir este acordo ó Ministerio de Asuntos Exteriores, o Alcalde de A Coruña e ó Instituto de Estudios Torre de Hércules de A Coruña.-----

105 : MEMORIA, MODELO DE ESTATUTOS E DEMAIS DOCUMENTACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL DE CAPITAL MIXTO PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO EN SANXENXO. O Sr. secretario deu conta do ditame da Comisión Especial de Estudo para o exercicio da actividade económica de promoción do turismo, mediante xestión indirecta, a través da figura da sociedade mixta, que propón a adopción do seguinte acordo:

“”Primeiro : Prestar aprobación inicial á Memoria redactada pola Comisión Especial designada ó efecto, que contén os aspectos social, xurídico, técnico e económico financeiro para a constitución dunha sociedade

mercantil de economía mixta para a promoción do turismo en Sanxenxo, que se denominará “TURISMO SANXENXO, S.L.”, participada o momento da súa constitución polo Concello de Sanxenxo e o Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo.

Segundo : Exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial e da Memoria, polo prazo de 30 días, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da provincia, a efectos de alegacións.

Terceiro : Pasado o período de exposición pública se traerá novamente ó Pleno Municipal para súa aprobación definitiva””.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, tomou a palabra para dar lectura ó seguinte escrito:

“Vips participou na redacción final dos estatutos, e chegouse a un “consenso” co equipo de goberno (por certo, na última comisión a que Vostede non pudo acudir), polo tanto moi pouco que obxetar aos mesmos. Pero a verdadeira esencia do futuro de Sanxenxo non se atopa nos estatutos, (que se poden cambiar en calquer momento) e si no aspecto social dos mesmos. O que queremos dicir é que as Leis non farían falta se todos tivéssemos un comportamento adecuado, ou o que é igual: un adecuado comportamento da sociedade faría innecesarias, moitas veces, as Leis, estatutos, reglamentos, decretos, etc.

A memoria, concretamente, o “ASPECTO SOCIAL”, apréciase que está realizado por unha persoa que coñece a realidade de Sanxenxo; expón nos mesmos: *“O Concello de Sanxenxo e un dos focos máis importantes do turismo de Galicia”*: **sensata e realista frase, ante a de outros que din “somos o máis importante”**, gran erro, produto do desexo e non dá realidade. Se metemos no mesmo saco a turistas, veraneantes e peregrinos; Santiago de Compostela sería o primeiro, e, Sanxenxo o segundo lugar. Non queda a menor dúbida; somos *“uns dous focos máis importantes do turismo de Galicia”*. Outra cousa sería que falássemos de veraneo, ahí si que somos, de momento, o primeiro municipio de Galicia.

A continuación fainos un relato, que posiblemente ocorrese polo ano 1870, referíndose a Doña Emilia Pardo Bazán, cando se refería a os seus bos recordos, produto dos veráns en Sanxenxo (na casa familiar que aínda se conserva), a escritora tiña en devanditas datas uns 20 anos, acabábase de trasladar a Madrid.

Tamén, na memoria, menciónase unha referencia realizada, allende das nosas fronteiras, por Celso García da Riega no ano 1882, na que escribía sobre o bo futuro turístico que esperaba o noso municipio. (Teño que recoñecer que este dato, como moitos outros, eu persoalmente ignorábo), e continua ata chegar os nosos días.

Primeiro, o nosa enhoraboa, malia ter a seguridade de que o seu coñecemento sobre o municipio daríalle para redactar o equivalente ao dicionario da Real Academia Española; pero sobre Sanxenxo; e segundo, “darlle un tirón de orellas” por non habermos ilustrado con devandito.

VIPS, proponlles que fagamos xuntos unha reflexión baseada a partires doutro dos párrafos da memoria: *“O concello caracterízase entre outros aspectos pola súa dimensionalidade marítima que constitúe o seu patrimonio histórico por excelencia, ó discorrer seu termino municipal por marxes das rías de Pontevedra e de Arousa, con abundancia de praias, participando fisicamente dá estrutura xeral dun contorno paisaxístico invidiable.....”*. Analicemos a última frase do párrafo, *“participando fisicamente dá estrutura xeral dun contorno paisaxístico invidiable”*; compañeiros da corporación, en especial do grupo de goberno, ¿que está pasando para que en beneficio duns esteamos acabando coas nosas costas, co noso verde natural, con ese futuro que nos auguraban fai mais de un século, Doña Emilia Pardo Bazán e Don Celso García da Riega?; estamos desmontando o enclave que rodea e proporciona a maior fonte de ingresos que ten o municipio, *“contorno paisaxístico invidiable”*. Analicen esta frase do prólogo dos estatutos desta empresa que estamos cimentando, e sepámoslos infundir no municipio, especialmente naquelas persoas que poidan chegar a tomar decisións sobre o porvir do mesmo.

Permítannos todos que lles fagamos unha suxerencia, con un so exemplo do que está ocorrendo: Filmen, fotografien ou reteñan nas súas mentes un só anaco da nosa preciosa

costa: Desde a Praia de Areas ata o municipio de Poio; pero por favor, fágano mañán mesmo. Deixa pouco tempo fagan o mesmo e saquen as súas conclusións.

Municipios con praias hai miles na costa Ibérica, algúns dos cales teñen climas como o noso, pero non o éxito de Sanxenxo: Fáltalles o enclave, fáltalles porque a natureza non lles foi tan favorable ou, porque interveu o maior depredador da mesma que se coñece: O ser human, e moitas veces promovidos por políticos que non ven mais alá do que é o longo dos seus brazos.

Que acerten vostedes coa elección do Director Gerente, saiban que será persoa crave en devandito proxecto de futuro. Olvídense de siglas e busquen ao que salga mais económico, ou sexa, o mellor profesional que poidan atopar.

A, os propietarios das empresas que conforman o CETS, (único socio no proxecto); membros do consello de administración e autoridades municipais: vexan isto como unha unión de forzas en busca do mellor futuro turístico para os que veñan detrás, de preservación do municipio e de emprego mais estable; ou sexa, como un investimento acertado; para iso debemos ter sempre presente que só serao se toda o que se proxecte en Sanxenxo é baseado, como queda exposto no Art. 2.L, deste Proxecto, en *“Contribuír a atender á conservación e defensa da paisaxe, a arquitectura local e á pureza, salubridad e beleza do medio ambiente, procurando un desenvolvemento sostible.”*

Enténdase todo o anterior como unha reflexión, VIPS, levabamos no noso programa a creación da devandita empresa, e apoiámola aínda que non nos convenzan determinadas cuestións dos estatutos ao cento por cento; pero polo menos, como dixemos o inicio, contou cos grupos políticos para a súa elaboración final, para a cal se nos aceptaron varias das propostas, todo iso antes de traela a este Pleno. Moitas grazas.

A **Sra. alcaldesa** agradeceu o apoio do concelleiro do grupo mixto.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou que o seu grupo ía votar a favor, desexando que esta iniciativa resulte fructífera tanto para os turistas como para as empresas do sector.

Engadiu, que a corporación debe felicitarse por constituírse esta comisión e rematou salientando que tamén é de agradecer o apoio económico da Secretaría de Turismo en Madrid aínda que a cantidade non fora moi elevada.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, tamén anunciou o apoio do BNG, e agradeceu o traballo realizado polos funcionarios D. Victoriano-Andrés Otero Iglesias e D. José-Juan Vidal Vilanova na preparación da documentación do expediente. Engadiu que probablemente falte “unha pata” pois debía formarse unha sociedade a tres bandas coa participación da Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia. Desexou que algún día sexan modificados os estatutos para integrar o órgano antedito pois sería unha boa axuda para colaborar co turismo. Rematou dicindo, que aínda así, estamos ante unha boa nova, felicitándose pola iniciativa.

A **Sra. alcaldesa** deu as grazas a todos polo apoio, salientando o logro do equipo de goberno, logo de moitos meses de traballo, e considerando a formación desta empresa como a vía a seguir para potenciar o turismo no concello. Engadiu que se obtivo unha liña de axudas da administración central porque xa estaba o acordo de creación adoptado e se cumpriron os requisitos que establecía a convocatoria. Tamén manifestou que a Dirección Xeral de Turismo da Xunta de Galicia sempre colaborou co concello e cos empresarios do sector turístico.

Logo de reiterar o agradecemento ós grupos políticos a **Sra. presidenta** indicou que tentará que o xerente sexa o mellor profesional posíbel aínda que haxa que “fichalo” doutra sociedade turística e que os grupos poderán dar nomes no seu día.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade de toda a corporación, e en consecuencia adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro: prestar **aprobación inicial** á **Memoria** redactada pola Comisión Especial designada ó efecto, que contén os aspectos social, xurídico, técnico e económico financeiro **para a constitución dunha sociedade mercantil de economía mixta para a promoción do turismo en Sanxenxo, que se denominará “TURISMO SANXENXO, S.L.”**, participada o momento da súa constitución polo Concello de Sanxenxo e o Consorcio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo.

Segundo: exposición pública do acordo plenario de aprobación inicial e da Memoria, polo prazo de 30 días, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da provincia, a efectos de alegacións.

Terceiro: pasado o período de exposición pública se traerá novamente ó Pleno Municipal para súa aprobación definitiva.-----

106 : CONVENIO DE COLABORACIÓN DO FINANCIAMENTO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA INSPECCIÓN DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS E A TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS DE OBRAS, ENTRE O ORAL E O CONCELLO DE SANXENXO. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“2.- CONVENIO DE COLABORACIÓN DO FINANCIAMENTO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA INSPECCIÓN DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS E A TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS DE OBRAS, ENTRE O O.R.A.L. E O CONCELLO DE SANXENXO.- Polo interventor dase conta dos antecedentes e documentación existente, así como o modelo de convenio a subscribir co O.R.A.L. para inspección de imposto sobre construcións, instalacións e obras. Da conta, igualmente do seu informe de data 21.01.08, citando a legalidade do acordo a adoptar así como a lexislación aplicable ao mesmo.

Ábrese un amplo debate no sentido de que o Concello debía de establecer un servizo de inspección con persoal técnico e con capacidade e que se chegarían a aforrar moitos cartos e así no nos tería que levar unha empresa que vai a ser contratada pola Deputación.

Na aclaración da cláusula segunda do borrador de convenio que no que consta figura o tipo do 22 %, pero que tanto na proposta da alcaldesa como no informe do interventor sería do 19 %, quedando unha dúbida no resto que o O.R.A.L. detraerá legalmente da recadación, aclarándolle o interventor que o tipo, ao día de hoxe, é do 6 %.

Polo concelleiro sr. Rodríguez Lorenzo próponse que debería quedar o asunto sobre a mesa para un maior estudo. Esta proposta tamén é asumida polos concelleiros sr. Fernández Lores e sra. Aguiñ Pombo.

En consecuencia, a presidencia somete a votación esta proposta (sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno de 09.07.07) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (Grupo municipal do B.N.G., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo mixto)
Votos en contra : Oito (Grupo municipal do P.P.).

Ao non prosperar a proposta a presidenta, polo mesmo sistema, somete a votación o dictame co seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (Grupo municipal do P.P.)
Votos en contra: Seis (Grupo municipal do B.N.G., grupo municipal socialista de Sanxenxo e grupo mixto).

En consecuencia, próponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio para inspección do I.C.I.O. e da taxa por licenzas urbanísticas como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FINANCIAMENTO DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A INSPECCIÓN DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS E A TAXA POLA EXPEDICIÓ DE LICENZAS URBANÍSTICAS ENTRE O ORAL E O CONCELLO DE SANXENXO.

Na cidade de Pontevedra, de 2008.

REUNIDOS.

Dunha parte D. José Crespo Iglesias, como vicepresidente do Organismo Autónomo Provincial de Xestións de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL).

Doutra parte D^a Catalina González Bea, como alcaldesa-presidenta do Concello de Sanxenxo.

Asiste como fedatario público D. Carlos Cuadrado Romay, na súa cualidade de secretario do ORAL-Deputación Provincial de Pontevedra.

Ámbalas dúas partes recoñécense recíprocamente con capacidade xurídica e de obrar suficiente e así, co carácter que actúan,

EXPOÑEN:

O Concello de Sanxenxo solicitou e delegou no ORAL a inspección e liquidación definitiva do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e a inspección e liquidación da taxa pola expedición de licenzas de obras, así como a recadación de ditas liquidacións definitivas. Delegación que a Deputación Provincial de Pontevedra aceptou.

O Consello Reitor do ORAL adjudicou, mediante concurso, a asistencia técnica para a colaboración técnica e administrativa ó ORAL na inspección de tributos que así se determinen.

Polo anteriormente exposto, ámbalas dúas partes veñen a subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA: é obxecto do presente convenio o financiamento dos traballos necesarios para inspección e posterior liquidación da liquidación definitiva do ICIO, así como da liquidación definitiva da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas no Concello de Sanxenxo.

SEGUNDA: serán por conta do Concello de Sanxenxo os gastos que xere a asistencia técnica contratada, consistentes no 19% das cotas municipais efectivamente recadadas que será independente do tipo que o ORAL retrae legalmente da recadación.

TERCEIRA: a tramitación administrativa de todo o procedemento de actualización, recadación e liquidación levarao a cabo o persoal propio do servizo de inspección do ORAL.

CUARTA: o concello só asumirá, en todo caso, o custo daqueles expedientes que resulten efectivamente recadados segundo a porcentaxe indicada, que lle será descontada nas liquidacións que se practiquen.

E en proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data ó principio indicada.”

SEGUNDO: Facultar a alcaldesa-presidenta para a sinatura deste convenio.

TERCEIRO: Remitir certificación da presente ao ORAL para os efectos oportunos.”

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Mixto, manifestou que na comisión informativa que tratou este punto, na que non estivo presente a Sra. alcaldesa, solicitou a retirada para un novo e maior estudo da problemática do ICIO, que sería realizado coa maior rapidez posible. Reiterou a súa proposta de retirada para que sexa analizado o asunto nunha nova comisión ou nunha xunta de voceiros. Considerou que coa inspección do ICIO, a recadación a maiores podería ascender a uns catro millóns de euros resultando incríbel que o ORAL se leve o 25% desa cantidade, cando ese millón de euros podería quedar no concello. Engadiu que a deputación sempre se leva os cartos doados e que calquera empresario asinaría un convenio con tantos beneficios limpos e sen participar na xestión do imposto. Tamén dixo que, dende 1988, o ORAL deixou sen resolver en executiva expedientes que suman un millón de euros por diversos tributos e parece que só lle interesan os cartos rápidos de recadar. Rematou dicindo que hai que recapacitar e non entregar o 25% da recadación o ORAL, e solicitou, de novo, a retirada

pois non facelo é “para botarse a chorar”, ofrecéndose para resolver o asunto nun tempo “récord” (unha ou dúas semanas) porque o diñeiro necesítase.

A **Sra. alcaldesa** lembroulle ó concelleiro do grupo mixto que a súa proposta de retirada xa foi rexeitada na comisión informativa.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o seu grupo ía votar en contra pois con este convenio entréganse cartos a outros de xeito doado. Afirmou que noutros concellos hai empresas que ofrecen o mesmo servizo polo 10% das cantidades que se recadan coa inspección. Tamén dixo, que estas tarefas debían encomendarse á Xerencia Municipal de Urbanismo con máis dotación de efectivos, e que o goberno local non quere crear inimigos na rúa realizando un traballo que a ninguén lle gusta (comentou que así cando alguén veña ó concello a reclamar váiselle dicir: “esto es cosa del ORAL”). Rematou dicindo, que para o grupo socialista non se deben regalar os cartos a empresas e que algún vaise facer rico a conta dos veciños de Sanxenxo.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que non se debe ter presa para asinar este convenio e que agora se pretende paliar unha deficiencia reflectida no informe do Consello de Contas de Galicia cando realizou a auditoría en materia de urbanismo. Engadiu que este labor tiña que ser realizado pola xerencia, pero que, na actualidade, os traballadores do organismo autónomo están desbordados e hai un total descontrol pola ausencia de persoal, recalcando que os empregados non teñen culpa algunha desta situación. Tamén dixo que no debate dos orzamentos de 2007 xa salientou que era inconcibible que o capítulo de persoal do concello pasara de 6 a 8 millóns de euros, mentres o da xerencia só se incrementara nuns 25.000 euros, cando o organismo autónomo é “o que da de comer ás arcas do concello”. Indicou que hai que aumentar o persoal da xerencia, pois na actualidade nin se fan as visitas para conceder as licenzas de primeira ocupación, segundo recoñeceu o xerente, e así, de paso, poderíase realizar por xestión directa a inspección e a liquidación definitiva do ICIO. Matizou que co 19% do prezo pódense incorporar 2, 3 ou 4 profesionais para este e para outros cometidos relacionados co urbanismo, poténciase o emprego e non se lle dan os beneficios a unha empresa. Rematou dicindo que non é a mellor xestión da Sra. alcaldesa beneficiar a unha empresa en lugar de facer o traballo con persoal propio, e que tamén propoñía deixar o asunto sobre a mesa.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que parecía claro que tódolos grupos estaban de acordo en optimizar os recursos coa inspección aínda que o desacordo surxía na forma. Engadiu que o importante é que os orzamentos das obras se axusten a realidade como base impositiva do ICIO para que se pague o que realmente se ten que pagar. Tamén dixo, que non entende como si se afirma que hai moito persoal e se propón incorporar máis con novos custos de salarios, seguridade social e coa obriga de asumir logo o persoal como propio. Anunciou para rematar o voto afirmativo do seu grupo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que tras escoitar ó concelleiro do grupo popular, non lle queda máis remedio que intervir porque o facer boa xestión non é voluntario, senón imperativo para os concelleiros. Engadiu que a empresa só vai a inspeccionar os proxectos grandes revisando os módulos sen saír dos despachos se hai remate de obra. Indicou que non está de acordo en que sexan funcionarios os que fagan o labor senón

unha empresa, pero por obra ou servizo, e propuxo que se chegue a un consenso. Rematou dicindo que o concello xa ten moito persoal pois hai un traballador por cada 50 veciños.

A **Sra. alcaldesa** preguntoulle se fixo a conta tendo en conta a poboación de feito ou de dereito.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** contestou que fixo os cálculos sobre os 17.000 habitantes que ten Sanxenxo.

A **Sra. alcaldesa** expuxo que os datos deben facerse sobre unha poboación vinculada duns 31.000 habitantes.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que tampouco se computan outros funcionarios como os gardas civís e os médicos.

A **Sra. alcaldesa** preguntoulle se incluía ós cregos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** considerou que non debe contratar máis persoal pois aínda computando a poboación exposta pola Sra. alcaldesa, saen 90 habitantes por cada traballador do concello. Rematou dicindo que prefire unha empresa pero non coas condicións que figuran no convenio que se propón.

A **Sra. Aguiñ Pombo** manifestou que cando se fala de optimizar hai que saber o que se di e facer números calculando o que custa contratar un técnico. Barallou a posibilidade de contratar persoal, pero por obra ou servizo para realizar o traballo de inspección (máis ou menos por un ano) reiterando que se fagan contas. Rematou dicindo, que todo indica que a empresa ven da man do Sr. Louzán, e que para o goberno local é mellor facer amigos que inimigos.

O **Sr. Fernández Lores**, manifestou que se a recadación é, por exemplo, de un millón de euros, hai que pagarlle á empresa 250.000 preguntándose cantos empregados poden contratarse con esa cantidade. Asegurou que esa cantidade non chega para pagarlle ós membros do goberno actual, pero si para contratar a uns cantos traballadores cara a inspección do ICIO. Preguntou tamén en que cláusula figura a duración do convenio porque non poder ser indefinido, ou por “vida eterna”. Cualificou esta omisión como vergoñenta. Tamén dixo que esta inspección é unha obriga dende hai anos e que xa hai tempo que o Consello de Contas e a intervención expuxeron que non se cumpren as obrigas por parte do goberno local. Rematou dicindo, que se están a dicir tonterías, que se quere cumprir co presidente da deputación e que si se aproba o convenio, se van perder moitos cartos, impedindo que aumente a calidade de vida dos veciños do municipio.

O **Sr. Casal Moldes** díxolle ó voceiro nacionalista que as tonterías a din os “tontos” e que hai que defender as posturas con argumentos e non con insultos. Engadiu que o concello si tramita as licenzas de remates de obra cos informes dos técnicos e estase a faltar á verdade. Indicoulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que nada fixo nos 6 anos que estivo ó fronte do concello e que por iso tivo que marcharse. Rematou dicíndolle ó concelleiro do grupo mixto que non ten sentido que veña agora de “salvapatrias” neste tema do ICIO e que non pode collerse agora persoal con “soldos para toda a vida”.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que entre o que fixo nos seis anos en que foi alcalde, estivo coller a herdanza do partido popular de toda a historia de Sanxenxo e que non se recadaba nada. Lembrou que houbo que retomar, con esforzo, moitos asuntos, que eran tempos peores pero que, aínda así, se fixeron avances en termos de recadación con conversas coa deputación. Díxolle ó Sr. Casal Moldes que o PP xa leva oito anos no goberno e que VIPS non di que a inspección do ICIO non vaia adiante, pero non co prezo do 25%. Tamén manifestou que o voceiro do partido popular non ten idea cando fala de soldos para toda a vida, recomendándolle máis madurez e paciencia, e que se esqueza do placer inmediato de recadar. Rematou dicindo que hai que buscar un lucro a medio prazo e que hai que sentarse para atopar solucións.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que cando foi alcalde o Sr. Rodríguez Lorenzo asináronse asistencias técnicas para recadar impostos co 28% do prezo ou máis, facendo referencia a unha certificación da Comisión de Goberno de 1994 ofrecéndolle copia ó concelleiro do grupo mixto. Engadiu que se estaba a dicir unha “sarta de tonterías” por parte da oposición con demagogia e manipulación. Tamén dixo que grazas ás xestións do grupo de goberno baixouse o prezo do 22% ó 19%, ó que hai que engadir o 6% que percibe o ORAL por cada liquidación ou recibo que emite en voluntaria. Indicou que hai que recadar uns ingresos que se poden perder e que é imposible que a xerencia se encargue desta inspección. Matizou que está a tratar con empresas serias e que non se pode esperar para recadar uns recursos importantes, lembrando que o PXOM aprobouse en 2003 e hai que revisar os proxectos executados con posterioridade. Rematou dicindo que non se vai ralentizar este tema da inspección, que ó goberno municipal é un grupo serio e responsable e que non se debe esperar “nin un segundo máis” para resolver este tema.

Votouse en primeiro lugar a proposta de retirada do Sr. Rodríguez Lorenzo acadándose en o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: nove (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia rexeitouse a proposta de retirada da orde do día deste punto.

A **presidencia** somete a votación o ditame acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: nove** (Grupo Municipal do PP).

Votos en **contra: oito** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a corporación municipal, por maioría, acadou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o texto do convenio para inspección do ICIO e da taxa por licenzas urbanísticas antes transcrito e que consta de catro cláusulas.

SEGUNDO: facultar a alcaldesa-presidenta para a sinatura deste convenio.

TERCEIRO: remitir certificación da presente ao ORAL para os efectos oportunos.-----

107 : CESIÓN GRATUÍTA Ó SERGAS DUNHA PARCELA EN O REVEL – VILALONGA PARA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE POR PARTE DE DITO ORGANISMO. Polo Sr. secretario dáse conta do ditame da Comisión de Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“3.- CESIÓN GRATUÍTA AO SERGAS DUNHA PARCELA EN O REVEL-VILALONGA PARA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE POR PARTE DE DITO ORGANISMO.- O interventor indicalle aos membros da comisión que no seu informe de fiscalización que forma parte do expediente e que circulou co orde do día hai un erro no tema do aproveitamento urbanístico da parcela que dicía que fora no ámbito do S.U. 30, que unha vez que o concelleiro sr. Fernández Lores llelo preguntou f,ixo unha consulta á xerencia resultando ser o S.U. 10.

Dase conta da proposta da alcaldía que copiada literalmente dí:

Con data 26/11/07 esta alcaldía-presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con data 28/03/06 o Concello Pleno acordou a posta a disposición do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) duna parcela de 4.285 m² situada no Revel-Vilalonga para fins sanitarios como son a construcción dun centro de saúde en Vilalonga, en virtude do protocolo asinado polo SERGAS e o Concello de Sanxenxo o 17 de xuño de 2005.

A citada parcela foi adquirida á entidade “Emprosal 16, S.A.” con data 13/11/03 por permuta e formalizada en escritura pública o 19/02/04 na notaría de Sanxenxo.

Despois de diversos trámites no DOG nº 151 do 06/08/07 publicouse o anuncio para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución e tamén da dirección de obra. Os traballos foron adxudicados polo SERGAS a “Hermo Iglesias Veiga Arquitectos, S.L.” de A Coruña.

Unha vez completado o expediente para a posta a disposición da parcela, o SERGAS solicitou a cesión gratuíta dos terreos pois considera que non é suficiente esta posta a disposición da parcela, en virtude da cláusula de financiamento D) do pacto local asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP que foi publicado o 5 de xaneiro de 2006. A parcela debe pertencer ó patrimonio do propio SERGAS e será afectada ó servizo público de saúde, facendo constar que en caso de supresión do servizo a parcela reverterá no concello.

O artigo 109.2 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais posibilita a cesión gratuíta dos bens patrimoniais a entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, debéndose instruír o expediente previsto no artigo 110.1 do mesmo texto legal.

Esta alcaldía, considerando que a construcción dun centro de saúde en Vilalonga é unha prioridade básica para os veciños **RESOLVE:**

PRIMEIRO: iniciar o expediente previsto no artigo 110.1 do Regulamento de bens das entidades locais para ceder gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde a seguinte parcela situada no lugar de Revel-Vilalonga:

- Parcela 8, ten unha superficie de catro mil douscentos oitenta e cinco metros cadrados. Linda, vendo a parcela dende o vial: dereita entrando, estrada da Igrexa a Vilalonga; esquerda parcela 9, fronte, vial en proxecto; e fondo, herdeiros de Pedro Ansorena. Inscrita no tomo 956, libro 237, folio 151 finca 24045 do Rexistro da propiedade de Cambados.

SEGUNDO: someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante a publicación dun anuncio no taboleiro da casa do concello e no Boletín Oficial da Provincia.

En canto se remate o expediente e transcorra o período de exposición pública, será o pleno o órgano competente para acordar a cesión gratuíta deste ben ó SERGAS co fin de construír en Vilalonga un centro de saúde.”

Con data 13/12/07 publicouse no BOP nº 240 o anuncio de inicio de expediente sen que no prazo de quince días se presentasen alegacións ou suxestións.

Analizada a documentación do expediente, os informes emitidos, e tendo en conta o interese público, esta alcaldía, propón á alcaldía a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: ceder gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a seguinte parcela situada no Revel-Vilalonga para que dita entidade constrúa o centro de saúde, debendo manterse o destino, como mínimo, durante os trinta anos seguintes:

- Parcela 8, ten unha superficie de catro mil douscentos oitenta e cinco metros cadrados. Linda, vendo a parcela dende o vial: dereita entrando, estrada da Igrexa a Vilalonga; esquerda parcela 9, fronte, vial en proxecto; e fondo, herdeiros de Pedro Ansorena. Inscrita no tomo 956, libro 237, folio 151, finca 24045 do Rexistro da propiedade de Cambados.

SEGUNDO: comprometerse a modificar a que na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles se contemple a exención do centro sanitario que se constrúa do pagamento de dito imposto, de acordo co establecido no

artigo 62.3 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

A comisión, por unanimidade, acorda propoñer ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: ceder gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a seguinte parcela situada no Revel-Vilalonga para que dita entidade constrúa o centro de saúde, debendo manterse o destino, como mínimo, durante os trinta anos seguintes:

- *Parcela 8, ten unha superficie de catro mil douscentos oitenta e cinco metros cadrados. Linda, vendo a parcela dende o vial: dereita entrando, estrada da Igrexa a Vilalonga; esquerda parcela 9, fronte, vial en proxecto; e fondo, herdeiros de Pedro Ansorena. Inscrita no tomo 956, libro 237, folio 151, finca 24045 do Rexistro da Propiedade de Cambados.*

SEGUNDO: comprometerse a modificar a que na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles se contemple a exención do centro sanitario que se constrúa do pagamento de dito imposto, de acordo co establecido no artigo 62.3 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, manifestou que esta cesión debía estar realizada hai tempo, e que, precisamente, VIPS presentou unha moción sobre este tema preguntando á presidencia se o contido da súa moción vaise tratar neste punto ou despois.

A Sra. alcaldesa contestou que ía seguir o debate deste punto e que non se ían introducir outros textos.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que “nunca es tarde si la dicha es buena”, indicou que era tarde para a cesión e lembroulle que ela xa había dito que faltaba este trámite. Engadiu que aínda que lle chamaron mentireira agora teñen a proba de que os socialistas levaban razón. Tamén dixo que o goberno do PP da Xunta de Galicia non deixou cartos designados para este centro de saúde, naquel fracasado Plan Galicia, salientando que o goberno bipartito deulle ó centro de Vilalonga a maior prioridade. Matizou que, a pesar de toda a demora do concello, xa está o proxecto elaborándose, e que estarían as obras avanzadas senón se perdesse tanto tempo. Desexou que a obra se realice canto antes e o centro de saúde sexa unha realidade para mellorar a asistencia sanitaria dos veciños de Vilalonga e Noalla e evitar “colapsos” de moitos pacientes noutros centros de saúde do municipio.

O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifestou que o seu grupo ía apoiar a proposta e que xa estaba todo dito.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, agradeceu o apoio dos grupos pero matizoulle a Sra. Aguíñ que a cesión non se fai tarde e que xa o 28/03/06 se acordou a posta a disposición dos terreos. Engadiu que o proxecto foi adjudicado polo SERGAS o 25/10/07 e que o prazo para a entrega do mesmo remata o vindeiro 4 de marzo. Rematou dicindo que o acordo de cesión chega “a punto”.

A Sra. Aguíñ Pombo reiterou que o acordo chega tarde lembrando as datas de adquisición do terreo municipal por permuta (resolución do 13/11/03 e escritura pública de 19/02/04) e do convenio co SERGAS de 17/06/05. Matizou que aínda que non se produxo a cesión o SERGAS xa está a facer o proxecto da obra.

A Sra. alcaldesa preguntoulle á Sra. Aguíñ se hai irregularidades ó adjudicar o proxecto antes da cesión e a **concelleira socialista** continuou insistindo no atraso, manifestando que a Sra. alcaldesa ten problemas de comunicación con tódalas administracións e que só se entende co Sr. Louzán.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** manifestou que estas xestións deberían de facerse hai tempo.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que os problemas das áreas sanitarias do municipio debían estar resoltos hai tempo, si, pero non se pode dicir agora que imos tarde co acordo. Indicou que os técnicos do SERGAS estiveran vendo a parcela e que o 4 de marzo próximo remata o prazo para entregar o proxecto dunha obra que logo haberá que adxudicar. Tamén dixo que hai que mirar para adiante, dando as grazas á Consellería de Sanidade polo investimento que se vai realizar. Rematou dicindo que ela se entende con todos, agás coa voceira do PS de G-PSOE nalgunhas ocasións, e desexando que a obra sexa unha realidade canto antes.

Sometido o ditame a votación foi aprobado por unanimidade, e en consecuencia, a corporación, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: ceder gratuitamente ó Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a seguinte parcela situada no Revel-Vilalonga para que dita entidade constrúa o centro de saúde, debendo manterse o destino, como mínimo, durante os trinta anos seguintes:

- Parcela 8, ten unha superficie de catro mil douscentos oitenta e cinco metros cadrados. Linda, vendo a parcela dende o vial: dereita entrando, estrada da Igrexa a Vilalonga; esquerda parcela 9, fronte, vial en proxecto; e fondo, herdeiros de Pedro Ansorena. Inscrita no tomo 956, libro 237, folio 151, finca 24045 do Rexistro da propiedade de Cambados.

SEGUNDO: comprometerse a modificar a que na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles se contemple a exención do centro sanitario que se constrúa do pagamento de dito imposto, de acordo co establecido no artigo 62.3 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.-----

108 : APROBACIÓN DO REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E DORRÓN. Polo Sr. **secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“4.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E DORRÓN.- Polo interventor dase conta de que polos servizos correspondentes se lle pasou un regulamento para os cemiterios municipais para o seu informe e fiscalización, e que o único que el interviu foi no artigo 16 do mesmo emitindo o informe de data 21 de xaneiro de 2008 que se achegaba coa convocatoria da comisión. Con posterioridade o interventor redactou un novo escrito, que se entrega neste intre aos membros da comisión, dándosele lectura ao mesmo, no que propón a inclusión de novos engadidos ao regulamento inicial.

Tamén, neste intre, o secretario da comisión incorpora unha nota do erro que existe no artigo 3 referente ao número de parcelas con título de propiedade dos veciños.

Da conta, igualmente, da proposta da alcaldesa que forma parte de dito expediente.

Ábrese un amplo debate, xurdindo varias preguntas, entre elas a sra. Aguiñ Pombo pregunta se alguén lle poder dicir se a administración autonómica ten coñecemento, en particular, da posta en funcionamento do cemiterio de Dorrón, descoñecendo os concelleiros do grupo de goberno, dita información, polo cal o secretario comenta que cree que non existen tales autorizacións.

Dados os erros que contén o borrador de regulamento, que case na súa totalidade se refire ao cemiterio de Dorrón, e o que se trata é de aprobar un regulamento para Dorrón e Padriñán, a comisión indica que ao Pleno debe de ir co dictame o regulamento debidamente rectificadado e definitivo, unha vez introducidas todas as modificacións que constan no expediente.

O interventor aclara diversas cuestións como pode ser o prazo, o canon a satisfacer e outros temas.

A presidencia somete a votación o asunto (sistema de voto ponderado acordado polo Concello Pleno de 09.07.07) acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (Grupo municipal do P.P. e grupo mixto)

Votos pola abstención: Cinco (Grupo municipal do B.N.g. e grupo municipal socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, próponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón, cuxa redacción e a seguinte:

REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SANXENXO E DORRÓN

CAPITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.

Para os efectos deste regulamento, defínense os seguintes termos:

Ataúde ou féretro: é a caixa en que se coloca o cadáver para proceder á súa inhumación ou cremación.

Cadáver: é o corpo humano no que se comprobara perda de vida.

Cemiterio: lugar destinado a recibir e aloxar os cadáveres, restos humanos e restos humanos áridos ou cremados.

Cemiterio privado: son aqueles cuxo predio é de orixe privada.

Cemiterios públicos: son aqueles operados pola municipalidade.

Cemiterio horizontal: é aquel onde os cadáveres, restos humanos e restos humanos áridos ou cremados se depositasen baixo terra.

Cemiterio vertical: é aquel constituído por un ou máis edificios con gabetas superpostas e instalacións para o depósito de cadáveres, restos humanos e restos humanos áridos ou cremados.

Cripta: é a estrutura construída baixo o nivel do chan con gabetas ou nichos destinados ao depósito de cadáveres, restos humanos e restos humanos áridos ou cremados.

Exhumar: extraer un cadáver sepultado.

Foxa ou tumba: a escavación no terreo dun cemiterio horizontal destinada á inhumación de cadáveres.

Gabeta: é o espazo construído dentro dunha cripta ou cemiterio vertical, destinada ao depósito de cadáveres

Inhumar: sepultar un cadáver.

Mausoleo: construción arquitectónica ou escultórica que se erixe sobre unha tumba

Nicho: espazo destinado ao depósito de restos humanos áridos ou cremados.

Osario: lugar especialmente destinado ao depósito de restos humanos áridos.

Nova inhumación: volver a sepultar restos humanos ou restos humanos áridos.

Restos humanos: son as partes dun cadáver ou corpo humano.

Restos humanos áridos: é a osamenta remanente dun cadáver como resultado do proceso natural de descomposición.

Restos humanos cremados: son as cinzas resultantes da cremación dun cadáver, restos humanos ou restos humanos áridos.

Artigo 2.

Para autorizar o establecemento e operación dun cemiterio, a Consellería de Sanidade, a través da Unidade de Cemiterios, xunto coa Xerencia de Planificación e Desenvolvemento Urbano dictaminarán previo á aprobación final por parte da corporación municipal.

Artigo 3.

Para o suposto do cemiterio público de Dorrón, o Concello de Sanxenxo reconece segundo convenio asinado coa asociación de veciños de DORRÓN, con motivo da obtención dos terreos para a promoción deste cemiterio público municipal, que hai 217 parcelas con título de propiedade que hai que ceder aos veciños cos seus correspondentes nichos, sendo estes propiedade única e exclusivamente dos seus titulares, e non municipais. A tal efecto este regulamento se remite ós documentos que constan no expediente de contratación administrativa.

Artigo 4.

Os cemiterios municipais son propiedade do Concello de Sanxenxo, correspondendo ao mesmo en pleno dominio, a dirección, administración e conservación dos cemiterios conforme ás disposicións estatais e autonómicas aplicables e ás normas deste regulamento, así como ás ordenanzas municipais, a excepción do artigo 3.

Artigo 5.

En virtude do dereito de propiedade, administración e conservación corresponde ao Concello de Sanxenxo:

- a) O coidado, limpeza e acondicionamento dos cemiterios.
- b) A existencia dun Libro de Rexistro de Servizos, en que, por orde cronolóxica e permanentemente actualizada, se regule a distribución e concesión de parcelas, nichos e sepulturas.
- c) A percepción de dereitos e taxas que proceda pola ocupación de terreos e licenza de obras.
- d) O nomeamento e remoción de empregados.
- e) Levar o rexistro de sepulturas nun libro foliado e selado.
- f) A existencia dun Libro de Rexistro de Servizos, no que, por orde cronolóxica e permanentemente actualizada, se inscribían as inhumacións, exhumacións e novas inhumacións realizadas.

Artigo 6.

A alcaldía, en función da normativa vixente, poderá delegar no concelleiro delegado do servizo de cemiterios, o cal terá ao seu cargo a dirección e inspección destes, formulando ao concello as propostas que considere oportunas para a execución das obras, modificación nos servizos, e, en xeral, en todo aquilo que teña relación co servizo que lle está encomendado.

Artigo 7.

O horario de apertura e peche dos cemiterios municipais, será:

Dende o 1 de abril ao 30 de setembro, ambos os dous inclusive, das 08.30 h. ás 21 horas.

Dende o 1 de outubro ao 31 de marzo, ambos os dous inclusive, das 09 h. ás 20 horas.

As horas para a conducción de cadáveres, serán pola mañá de 9,00 a 13,00 h. durante todo o ano e pola tarde de 16,00 a 19,00 horas durante os meses de abril a setembro, e de 16,00 a 17,00 durante os meses de outubro a marzo.

Artigo 8.

O servizo público de cemiterios poderá xestionarse directa ou indirectamente polo Concello de Sanxenxo. A xestión directa adoptará algunha das formas seguintes:

- a) Xestión polo propio Concello de Sanxenxo
- b) Organismo autónomo local
- c) Sociedade mercantil, ou capital social da cal pertenza integramente ao concello.

A xestión indirecta adoptará algunha das seguintes formas:

- a) Concesión
- b) Xestión interesada
- c) Concerto
- d) Arrendamento
- e) Sociedade mercantil e cooperativas legalmente constituídas, cuxo capital só pertenza parcialmente ao concello.

Artigo 9.

Queda prohibido:

- a) O acceso ao cemiterio de menores de 14 anos que non vaian acompañados de persoas maiores.
- b) A entrada de vendedores ambulantes e por ende a venda ambulante.
- c) A entrada de animais de calquera clase.
- d) Non se permitirá a permanencia dentro do recinto de persoas que non garden a debida compostura e respecto ou que, de calquera forma, perturben o recolleemento propio do lugar.

e) Marchar por lugares distintos ás rúas destinadas a tal fin, pisar os xardíns ou tumbas, coller flores ou arbustos, quitar ou mover os obxectos colocados sobre as sepulturas.

f) Calquera outros feitos de similares características.

g) A entrada de vehículos de pompas fúnebres, os cales deberán depositar o ataúde na porta de entrada do recinto.

Artigo 10.

Toda persoa que sen a debida autorización substraia algún obxecto pertencente a sepultura, nicho ou panteón; útiles de traballo ou calquera outro da pertenza dos cemiterios, será posto a disposición da autoridade xudicial, non aceptándose responsabilidade ningunha polo concello polas subtraccións que poidan cometerse en sepulturas, nichos ou panteóns, recomendando aos seus concesionarios, abstéñanse de colocar obxectos que poidan provocar a cobiza dos visitantes.

As lápidas, cruzamentos, alzados, etc., que se coloquen nas sepulturas, nichos ou panteóns, son pertenza dos seus concesionarios, sendo da súa conta o arranxo e conservación, vindo obrigados a mantelos no estado de decoro que require o lugar.

Artigo 11.

Os servizos relixiosos no cemiterio, serán prestados en virtude do principio constitucional de liberdade de culto, de acordo cos ritos das confesións existentes, sen máis limitacións que o respecto debido ás demais crenzas relixiosas e de mantemento de orde público.

CAPITULO II.- PERSOAL DO CEMITERIO

Artigo 12.

O concello, a través dos seus propios servizos administrativos, levará actualizado o Rexistro Público dos Cemiterios, mediante:

- Rexistro de inhumacións en foxas, nichos e panteóns
- Rexistro de exhumacións en xeral.
- Rexistro de reducións de restos.
- Rexistro de traslado de restos.
- Rexistro de dereitos de concesión de chan, panteón ou nicho e prazo da concesión.

Artigo 13.

O persoal usará as insignias e garantías que o concello determine, as que utilizará soamente mentres preste os seus servizos dentro dos cemiterios municipais, quedando prohibido o seu uso fóra deles.

Procurará en todo momento non causar molestias innecesarias aos familiares dos defuntos nin ás persoas que visiten o cemiterio, realizando os traballos de inhumación, exhumación, traslados, etc., co máximo respecto. Atenderá e remediará no posible todas as queixas e reclamacións que se formulen e gardará a todos a consideración debida.

Artigo 14.

Prohíbese que os empregados dos cemiterios cobren cantidade algunha pola prestación do servizo inherente ao seu cargo.

Artigo 15.

Son deberes deste persoal:

1º) Cumprir e facer cumprir o disposto no presente regulamento; no Regulamento de policía sanitaria mortuoria; Decreto 2263/74, do 20 de xullo; Decreto 30/98, do 27 de marzo do Regulamento de policía sanitaria mortuoria da Comunidade Autónoma de Galicia e demais leis vixentes acerca da inhumación, exhumación, traslado de cadáveres, etc.

2º) Formará inventario dos mobles, utensilios e ferramentas que existan nos cemiterios, dando de baixa as que se inutilicen e solicitando as que sexan necesarias. Tamén levará un inventario dos enreixados, cruces e outros obxectos particulares que quedan nas sepulturas que non fosen renovadas polos concesionarios, dando conta a sr/a. Alcalde/sa ou ao Sr/a. Concelleiro/a delegado/a dos cemiterios para que dite a resolución que proceda.

3º) Vixilancia de que os epitafios, inscricións e emblemas que se poñan nos panteóns, nichos ou sepulturas, non desdigan do obxecto ao que están destinados.

Non permitirá obra ningunha sen a presentación da pertinente licenza municipal, xustificación de pagamento dos dereitos correspondentes; así como a colocación de obxectos fóra da propia sepultura, nin a plantación de arbustos ou sementes de raíces profundas ou que adquiran gran desenvolvemento.

4º) Coidará de que haxa abertas un mínimo de sepulturas e de nichos, na zona que está de servizo.

Tamén coidará de que cada panteón, nicho ou sepultura, estean sinalados co mesmo número que lle corresponda e que as rúas, cadrados ou fileiras estean sinalados de forma que faciliten a súa localización para o mellor servizo e comodidade dos visitantes.

5º) Terá exposto en sitio visible da súa oficina unha copia do plano xeral do cemiterio e un exemplar do presente regulamento, así como un libro de reclamacións e suxestións.

6º) Non se permitirá que, por curiosidade ou a título de recoñecemento, se abra ningunha sepultura, a non ser que o interesado exhiba licenza da autoridade competente. Cando iso obedeza á práctica dunha autopsia e outra dilixencia xudicial, daranse as máximas facilidades.

Durante a práctica das mencionadas operacións, non permitirá que permanezan no interior do cemiterio outras persoas que as autorizadas pola autoridade xudicial, a menos que este non estime necesario que se prohiba a entrada á necrópole.

7º) Non poderá abandonar as súas obrigas nin ausentarse sen a pertinente autorización. Nas ausencias superiores a dous días, será necesario nomear unha persoa que o substitúa polo concelleiro/a delegado/a do servizo.

Diariamente, percorrerá o recinto do cemiterio, comprobando o estado das súas dependencias, sepulturas, panteóns, etc., vixiando que as obras que se realicen se axusten ás autorizacións concedidas para a súa execución, corrixiendo as deficiencias que estean ao seu alcance, e dando conta ao concelleiro/a delegado/a, de aquelas outras que non o están.

Así mesmo, procurará o axeitado estado de limpeza do cemiterio e das súas dependencias, rego e conservación de xardíns e arboredo, e o cumprimento das normas de hixiene e policía.

8º) Virá obrigado a realizar os traballos dentro do cemiterio, de conducción, inhumación, exhumación e traslado de cadáveres, así como os de apertura e peche dos panteóns, nichos e sepulturas; a manter no debido estado de conservación e limpeza todas as dependencias; exercer a debida vixilancia para evitar subtraccións; coidar do rego e conservación dos xardíns e arboredo; esixir do público que garde a debida compostura e, en xeral, a realizar cantos traballos e servizos que se relacionen co cargo.

9º) Queimará dentro do mesmo día en que sexan extraídos e no lugar expresamente asignado ao efecto, as roupas, hábitos, sudarios e féretros procedentes de cadáveres, os restos dos cales fosen reducidos ou trasladados ao osario común.

A retención de calquera obxecto atopado dará lugar á formación de expediente, sen prexuízo de pasar a correspondente denuncia á autoridade xudicial.

10º) Será igualmente da súa incumbencia as obras de albanelería necesarias para a apertura e peche de panteóns e nichos; o tabicado de estantes inmediatamente despois de realizadas as inhumacións en panteóns, ou a construción de bovedilla de ladrillo nos que carezan de estantes.

CAPITULO III.- DEREITO FUNERARIO

Artigo 16.

O dereito funerario sobre o uso con carácter privativo de panteóns, nichos, sepulturas e, en xeral, parcelas de terra, nace co acto da concesión e o pagamento do canon esixido no acordo de outorgamento da concesión.

O dereito de outorgamento de sepulturas, regulamentarase polas seguintes normas:

a) PRAZO MÁXIMO.- O prazo máximo de uso será de 99 anos a contar dende o día seguinte a notificación do acto administrativo polo que se outorga a concesión do espazo de dominio público afecto a servizo público.

b) PRAZO MÍNIMO.- O prazo mínimo é dun ano.

c) PRAZOS INTERMEDIOS.- Os prazos intermedios son de 5 anos, 10 anos, 25 anos, 50 anos e 75 anos.

d) OFERTA PÚBLICA.- Cada ano o Concello poderá establecer unha oferta pública de sepulturas dispoñibles, cun canon de saída por cada fracción de tempo. A mesma regulamentarase por un prego de condicións económico administrativas onde se fixe, entre outros extremos, o importe do canon a satisfacer por cada tramo de tempo de concesión de sepultura.

e) PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.- O sistema ordinario será o concurso público. Caso existir máis solicitudes que sepulturas dispoñibles, adxudicaranse polo sistema de poxa, dando prioridade aos que teñan a condición de empadroados/as no Concello de Sanxenxo, e aos que acrediten non dispor de sepulturas en outros cemiterios.

f) RESERVAS DE SEPULTURAS POR RENDA.- Independentemente do sistema de poxa, poderase reservar un número de sepulturas que non exceda do 20% das dispoñibles, para conceder a familias que non teñan unha renda anual superior ao 30% do salario mínimo interprofesional en cómputo tamén anual. Poderase outorgar unha

bonificación de ata o 95% do importe do canon fixado con carácter xeral. O prazo máximo será de dez anos, prorrogable por períodos iguais.

g)RESERVAS DE SEPULTURA POR POBREZA.- O Concello poderá reservar un número de sepulturas para persoas que teñan a condición de empadroados e segundo informes sociais teñan unha situación de pobreza que lle imposibilite o pagamento do canon. Estas reservas non poderán afectar a máis dun 5% do total, e terán un réxime de bonificación de ata o 100% do importe do canon. A porcentaxe debe incluírse aos efectos de cómputo coa establecida no apartado f). De forma análoga o Concello poderá dispor dun número de sepulturas para persoas en situación de indixencia, abandono, identidade descoñecida ou situacións similares. O prazo máximo será de quince anos.

h)SOLICITUDE DIRECTA E SINGULAR.- Non obstante o establecido nos apartados anteriores, ademais da licitación periódica de sepulturas dispoñibles, podernase solicitar polos administrados a concesión singular dunha sepultura por motivos sobrevidos de necesidade que deberán acreditar suficientemente, en cuxo caso o outorgamento será polo prazo máximo dun ano, prorrogable por períodos iguais, ata un máximo de dez anos. Transcorridos os dez anos, disporase polo titular dun DEREITO DE TANTEO no procedemento de adjudicación que se celebre posterior ao vencemento do período inicial, caso necesitar un período maior de uso.

i)PRORROGA DA CONCESIÓN.- En todo caso, vencido que sexa o prazo da concesión poderase solicitar unha prórroga da concesión da sepultura, á que se terá dereito salvo que razóns de interese público o impidan, esencialmente a necesidade de dispor das mesmas para novos enterramentos. As prórrogas poderán ser de ata un máximo de 10 anos, que acumulativamente e sumado o período inicial non excedan dos 99 anos. A Administración poderá, por motivos razoados, outorgar ou denegar a prórroga e establecer un prazo inferior a dez anos. As prórrogas suporán o pagamento do canon correspondente. Aos efectos da prórroga darase preferencia aos enterramentos de antigüidade inferior aos 10 anos, co fin de permitir a plena descomposición dos restos mortuorios. En todo caso os solicitantes da prórroga deberán xustificar a necesidade desta, tales como non dispor de outras sepulturas ou análogas.

j)VENCIMIENTO DO PRAZO MÁXIMO.- Chegado o vencemento do prazo máximo da concesión que é de 99 anos, os familiares poderán solicitar a renovación por períodos non superiores a 25 anos, sempre que a situación do cemiterio afectado o permita.

k)RENOVACIÓN DA CONCESIÓN.- En todo caso, chegado o vencemento do prazo da concesión, sexa o máis amplo (99 anos) ou inferior, poderase renovar a concesión. A tal efecto os solicitantes deberán comunicar a Administración o desexo de renovar a concesión cunha antelación mínima de dous anos á data do vencemento. Para a renovación os solicitantes terán un DEREITO DE TANTEO no procedemento de adjudicación xeral da anualidade que corresponda. A Administración poderá, por motivos de interese público, limitar o dereito á renovación da concesión, no mesmo senso establecido para a prórroga.

l)CONCESIÓN PREVIAS.- Para as concesións anteriores á aprobación deste regulamento que foron outorgadas a perpetuidade, o prazo de 99 anos contarase a partir da data da aprobación definitiva deste regulamento, sendo de aplicación o disposto na xurisprudencia do Tribunal Supremo ao respecto

m)LEVANTAMENTOS: O Concello poderá proceder ao levantamento dos restos mortuorios daquelas sepulturas que, chegado o vencemento da concesión outorgada no seu día, e previa a notificación aos familiares ou, caso de ser descoñecidos, mediante publicación de edicto en boletíns oficiais e prensa, polo prazo mínimo de trinta días hábiles, non sexan estes reclamados e/ou obxecto de petición de prórroga ou renovación. Os restos depositaranse en instalacións adecuadas no propio cemiterio e levarase respecto deles un rexistro especial.

n)CANON.- O importe do canon fixarase cada ano segundo un estudio económico, que se base no importe teórico dun alugamento por cada fracción de tempo a conceder. O importe para un ano será o custe de construción dunha sepultura singular dividido entre o número de anos da súa vida útil, segundo informe pericial, e o resultante poderá corrixirse a alza ou a baixa nunha porcentaxe de +30% a -30% ata acadar un canon que se sitúe na media da comunidade autónoma para casos similares.

O)ORDENANZA FISCAL.- En todo caso o canon referido polo uso de sepulturas, e segundo as normas de fixación anteriormente referidas poderase incluír nunha ordenanza fiscal que aborde, ademais, outras prestacións de servizos e/ou de aproveitamentos especiais diferentes dos considerados nesta cláusula e aplicables ós cemiterios municipais.

Artigo 17

O concello recoñece a favor do titular o dereito de enterramento, así como para os seus ascendentes e descendentes, e a dos seus familiares.

Artigo 18.

O dereito de enterramento limitase ao uso das correspondentes construcións e queda suxeita á regulación do presente regulamento e ás súas posibles modificacións, así como á ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 19.

O dereito a enterramento sobre toda clase de sepulturas, quedará formalizado mediante a inscrición no rexistro municipal do cemiterio, simultaneamente expedirase ao interesado título nominativo de cada sepultura.

Artigo 20.

O dereito de enterramento rexistrarase:

- A nome persoal e individual, que será do propio peticionario. En caso de existir nas sucesivas transmisións, o legado de usufructo, o título figurará a nome do usufructuario.

- A nome de comunidades relixiosas, para uso exclusivo dos seus membros e asilados.

- A nome de ambos os dous cónxuxes no momento da primeira adquisición

Artigo 21.

A competencia para ordenar as sepulturas corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Sanxenxo.

Artigo 22.

As concesións de uso de sepulturas, coas súas sucesivas transmisións, outorgaranse por un prazo máximo de 99 anos, segundo a lexislación vixente.

Artigo 23.

Cando os restos contidos na sepultura non completaran os fenómenos de destrución de materia orgánica ao vencemento da concesión, a instancia da parte interesada, prorrogarase por outro período a determinar polo concello.

Artigo 24.

Se falecido o titular da concesión transcorrese o prazo dun ano sen instarse a transmisión polos seus herdeiros, avisarase a estes para que exerzan o dereito de transmisión que os asiste; se, transcorridos seis meses máis, aqueles continuasen sen exercer o devandito dereito, produciranse os seguintes efectos:

a) Non se permitirá a realización de ningún servizo nas sepulturas

b) Quedará sen efecto a concesión.

Artigo 25.

Ao vencemento do prazo da concesión, procederase á redución de restos, ou incineración, e o seu traslado ao osario común, salvo que con anterioridade ao devandito vencemento, se solicite o traslado a outro enterramento.

Artigo 26.

Nas sepulturas pertencentes a comunidades non se permitirá a transmisión.

CAPITULO IV.- CONSTRUCCIÓNS

Artigo 27.

Estará suxeito a licenzia todo acto que se realice dentro dos cemiterios municipais.

Artigo 28.

A solicitude de licenzia formularase mediante instancia dirixida á alcaldía e subscrita polo interesado ou persoa que o represente, cos datos acreditativos e domicilio do solicitante, situación e circunstancias da concesión, así como da obra da que se solicita licenzia.

Artigo 29.

A concesión da licenzia efectuarase pola Xunta de Goberno Local.

Artigo 30.

As construcións permitidas dentro do terreo serán licitadas e executadas polo Concello de Sanxenxo. (a excepción dos titulares privados de Dorrón que se rexerán polo convenio suscrito coa A.A.V.V. de Dorrón)

As construcións permitidas dentro do terreo serán, como máximo, as seguintes:

1. Dependencias administrativas e oficinas; vestiario para o persoal; depósitos de ferramentas.

2. Depósito de cadáveres, crematorio, osario, este último construído baixo o nivel de terra, con paredes de cachotería e formigón, e pechado cunha lousa sobre a que se sementará céspede, deixando aberturas movibles para permitir o depósito de restos óseos.

3. Capela ecuménica.

4. Sanitarios para o público.

Artigo 31.

Cando se proceda á construción de novos cemiterios verticais (municipais que previamente consten no correspondente rexistro municipal, habilitado para tal efecto e privados dos veciños que segundo convenio presentan título, estes últimos rexeranse polas normas do convenio asinado coa A.A.V.V. de Dorrón, no seu caso), dita construción suxeitácese ás seguintes normas:

1. - Os panteóns e/ou nichos, a construír nas parcelas habilitadas para iso seguirán o mesmo criterio arquitectónico, materiais, dimensións e disposicións que a xa construída no devandito cemiterio.
 2. - Os panteóns e/ou nichos deberán estar impermeabilizados no seu interior e nos muros lindantes coas fachadas.
 3. - En ningún caso se permitirá construír máis de catro nichos superpostos.
 - 4.- Cada panteón e/ou nicho, deberá levar na súa parte máis alta, ou mesmo na fachada, un número que lle adxudique o concello ou o nome do seu titular.
- DISPOSICIÓNS LEGAIS. -

Artigo 32.

Estarán suxeitos a multas e sancións todas as persoas naturais ou xurídicas que infrinxan ou por incumprimento de obrigas legais.

Artigo 33.

De igual forma sancionáranse aos que tivesen permiso de construción e incumprisen as normas ou requisitos establecidos pola Xerencia de urbanismo do Concello de Sanxenxo ou calquera outro ente regulador; será suspendido o permiso de construción ou operación, ata o cumprimento do solicitado.

Artigo 34.

Sancionárase cunha multa á persoa natural ou xurídica propietaria dun inmovible destinado para cemiterio que non se atope solvente de pagamento de impostos, taxas ou outros pagamentos co Concello de Sanxenxo.

Artigo 35.

Un permiso quedará sen efecto automaticamente se se contradixesen as súas disposicións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. -

Nas materias non previstas expresamente neste regulamento estarase ao establecido na Ordenanza fiscal municipal en vigor; no Regulamento de policía sanitaria mortuoria aprobado por D 30/98, do 27 de marzo da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Regulamento de policía sanitaria mortuoria, aprobado por D 2263/74, de 20 de xullo e disposicións que o desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL. -

O presente regulamento entrará en vigor, unha vez sexa aprobado definitivamente polo pleno do concello, e tras a publicación do seu texto integro no Boletín Oficial de Pontevedra, conforme ás disposicións vixentes na materia.

SEGUNDO: Abrir un prazo de información pública de 30 días para a presentación de alegacións o u suxerencias facendo constar que no caso de non haber ningunha entenderase definitivamente aprobado o regulamento.””

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, considerou moi importante sacar adiante o tema dos cemiterios salientando a colaboración dos veciños. Manifestou que, de tódolos xeitos, ogallá se tarde en realizar enterramentos nestes camposantos, por razóns obvias.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, anunciou que o seu grupo ía votar a favor e que xa era hora que se resolvera a problemática do cemiterio de Dorrón. Preguntou á presidencia se ten este cemiterio tódolos permisos e se pode haber xa enterramentos no recinto.

A Sra. alcaldesa manifestou que o cemiterio de Dorrón é un proxecto que naceu cunha ampliación do cemiterio parroquial pero que a Consellería de Sanidade non autorizou como tal ampliación, e así se fixo o trámite como un cemiterio novo. Informou que o día anterior estivera un técnico de sanidade co concelleiro de obras e con representantes da asociación de veciños do lugar para detallar os trámites pendentes das construcións antigas esperando que non haxa problemas. Rematou dicindo que, ata agora, non hai

osario nin crematorio, que deben incluírse estes servizos, e que se está a traballar sen demora para cumprir coa normativa.

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o regulamento dos cemiterios municipais de Sanxenxo e Dorrón antes transcrito.

SEGUNDO: abrir un prazo de información pública de 30 días para a presentación de alegacións ou suxerencias facendo constar que no caso de non haber ningunha entenderase definitivamente aprobado o regulamento.-----

Seguidamente, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas procedeuse a trata-las seguintes **MOCIÓNS:**

109 : MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO RELATIVA Á SANIDADE NO MUNICIPIO (Nº ENTRADA NÚMS. 7916 E 7917 DO 10/01/08). Pola **presidencia** pregúntase ó Sr. Rodríguez Lorenzo se desexaba ler a moción ou quería que o fixera o Sr. secretario. O **concelleiro do Grupo Municipal Mixto** manifestou que o fixera o citado funcionario, pois así tamén traballaba algún día. Polo **Sr. secretario** dáse lectura a moción que literalmente di:

“JOSÉ L. RODRÍGUEZ LORENZO, representante de VIPS (Veciños Independentes por Sanxenxo) na Corporación de Sanxenxo, manifesta:

Hai veces nas que podemos ser, ou polo menos parecer, bisoños en política e en dereitos; por iso debemos recordar a historia, a propia e a allea, para rememorar que todo vaise facendo gracia aos pasos, ao traballo de xeracións que intentan cambiar a sociedade no interese común, e primordialmente dos que carecen dos recursos fundamentais. Por iso, antes permítame expoñerlle:

Unha das formas que teñen as sociedades modernas de loitar contra as desigualdades e lograr unha sociedade máis xusta e solidaria é destinar unha parte dos recursos que os cidadáns poñemos en mans dos nosos representantes ao mantemento dun sistema público de Saúde, un logro que, aínda que parece que é un dereito alcanzado fai xeracións, en realidade conquistouse fai poucos anos gracia á loita levada a cabo por persoas que o fixeron democraticamente buscando un mundo mellor para todos. É un alicerce fundamental das sociedades democráticas avanzadas, das cales debemos sentirnos orgullosos todos aqueles que dela gozamos, e como todo principio, hai que traballar diariamente para o seu mantemento, como a democracia nun mundo neoliberal que pretende cuestionar o público, principio de toda sociedade xusta e libre como é a sanidade pública.

Como todo dereito, como toda liberdade, conquístase día a día co esforzo dos cidadáns, ben directamente ou a través dos seus representantes e non é permanente, podendo ser arruinada ou limitada ata niveis penosos; expóñolle un exemplo, dende o meu punto de vista, de como o baixar a garda en algo que se consideraba fundamental pode conducir a situacións lastimosas.

Ás portas da finalización da II Guerra Mundial, os británicos, conscientes de que Winston Churchill que os conduciu á vitoria, pero que sería incapaz de afrontar os problemas de paz, o 27 de xullo de 1945 elixiron un novo goberno, laborista, presidido por Clement Atlee que realizou un tremendo labor social, conxuntamente co seu equipo, nun país devastado pola guerra, pioneiro do estado do benestar cuxa influencia traspasou as fronteiras do Reino Unido. Nese equipo ministerial sobresalieron dos arquetipos do laborismo da época: Bevin e Bevan, os dos mineros. O primeiro foi encargado do Foreign Office (Asuntos Exteriores), posto reservado cabaleiros saídos das universidades de Oxford e Cambridge e cando o rei Jorge VI preguntoulle onde adquirira tantos coñecementos, el respondeu:

“Majestad, a base de experiencia”. Aneurin Bevan, posiblemente o político máis popular do socialismo británico, que aos 13 anos entrou a traballar nunha mina de Gales xunto ao seu pai; aos 19 era líder sindical e pouco despois ocupaba un escano na Cámara dos Comúns; foi o responsable de poñer en marcha o National Health Service (Servizo Nacional de Saúde), baseado na premisa de que a atención médica faise sobre a necesidade e non a capacidade de pago, xa que o seu financiamento proviña do orzamento nacional. O seu premisa: gratuíto, comprensivo e igualitario. O primeiro alicerce da sociedade do benestar en Europa que permitía a calquera cidadán do mundo chegado ás súas costas, en caso de ter que ser asistido, que coa súa simple manifestación de que se acollía ao NHS, corría o seu tratamento, incluído o bucal, por conta do Estado. Foi un exemplo para todas as sociedades avanzadas e os británicos pensaban que esa conquista sería permanente.

De 1979 a 1990, Margaret Thatcher presidiu o gabinete británico, primeira muller europea en desempeñar tal cargo, e durante o seu mandato, debido a unha política neoliberal, chegouse a facer cuestacións polas rúas para recoller diñeiro co que pagar a gasolina das ambulancias e aos familiares dos internados nos centros sanitarios que lles asistían ás horas das comidas, desmontando en boa parte todo o que se fixo logo da guerra cando o país estaba arruinado. O goberno laborista que Tony Blair endereitou a situación tendo que recorrer a contratar persoal sanitario fora do país, incluídos centos de españois que alí permanecen.

O exemplo do que pasou no Reino Unido pode ocorrerlle a calquera outro país, por iso, temos todos co noso traballo diario, coas novas reivindicacións permanentes, procurar que a sanidade, cemento fundamental do estado de benestar, mellore para todos os cidadáns que a demandamos.

E exposto todo o anterior:

Nestes últimos meses do ano os medios de comunicación estiveronnos informando diariamente dos problemas asistenciais que houbo nas urxencias dos Hospitais do SERGAS (Servizo Galego de Saúde) que xa de seu traballan a lume de biqueira e cada consulta en Urxencias supónlle un custo mínimo de 300 euros e o de hospitalización duns 450; en atención primaria, de 59 €. Somos a terceira comunicade autónoma con menor gasto social por cada persoa maior de 65 anos e o investimento público por cada xubilado galego é de 191 euros/mes, moi afastada da media estatal que se sitúa en 343 €. Por outra banda, durante o verán, cando máis xente concéntrase na nosa comunidade, péchanse unhas 500 camas hospitalarias e os ambulatorios costeros nesta época tardan algúns ata tres días en dar cita.

As esperas medias na nosa área sanitaria, segundo datos oficiais, é de 29 días para operarse e de 49 para a primeira consulta, aínda despois de reducir en ano e medio a máis da metade as listas de espera para operacións; as interminables listas para especialistas, consulta, así como a pouca atención que se lle concede aos pacientes, é a principal queixa dos cidadáns. Mellorar a atención primaria, tamén significa reducir o gasto.

Por outra banda a administración estima que en 2017 o 30% dos galegos –a poboación máis envellecida do país- será maior de 60 anos, e segundo o último informe dispoñible do Valedor do Pobo, do 2005, a sanidade é unha das áreas da administración da que se reciben máis queixas dos cidadáns.

Consciente de todos estes problemas, a Xunta aposta nas súas contas para o 2008 pola sanidade e a atención á dependencia, aos que destina máis do 37% do orzamento e 134 novos médicos de familia, 25 pediatras e 16 odontólogos son algúns dos profesionais que se incorporarán á sanidade pública o próximo ano.

O pasado día 6/12 un medio de comunicación publicou o seguinte: *“Frenazo na protección social. O gasto público en políticas de benestar caeu en 2005 –último dato publicado- en case medio punto respecto ao ano anterior. En concreto, e segundo datos avanzados onte (referíndose o 5 de decembro) polo Instituto Nacional de Estatística (INE), o gasto social representou ese ano o 19,54% do Produto Interior Bruto (PIB), o que supón un descenso de 0,46 puntos porcentuales respecto ao ano 2004. Trátase da porcentaxe máis baixa desde o ano 2001, cando a protección social alcanzou o 19,46%. Desde entón, este indicador sempre*

mellorara. A causa do descenso ten que ver co menor gasto social en sanidade (-029 puntos do PIB) e en políticas de familias (-0,16 puntos porcentuales). Pola contra, creceu o gasto en vellez, precisamente a rúbrica que máis pesa no conxunto do gasto social. Catro de cada dez euros que se gastan van destinados a pagar as pensións”.

Todo o devandito é para que sexamos conscientes dos problemas que viran ao redor do estado de benestar e a atención sanitaria que afecta a todos os galegos, e como o que lles pasou a outros nos pode ocorrer a nós, é polo que debemos traballar para conseguir as mellores cotas de benestar para todos.

O mandato constitucional, no seu art.43, recolle que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública e por iso, dentro das nosas competencias, limitadas, debemos procurar para que o noso municipio teña o mellor sistema de Sanidade Pública posible.

Os datos que dispoñemos, de mediados deste ano, recollen que o número de afiliados ao SERGAS no noso municipio é de 17018 persoas, das cales 1432 o son o en Centro de Saúde de Sanxenxo, 1934 en en Consutorio de Vilalongas e 13652 no Centro de Saúde de Baltar-Portonovo.

Os recursos humanos en atención ordinaria compóñeno: 10 médicos, 2 pediatras, 8 ATS, 1 celador, 1 oficios, 3 auxiliares de enfermería, 4 administrativos cun servizo de apoio formado por 1 matrona, 2 fisioterapeutas, 1 odontólogo e unha farmacéutica repartidos nos Centros de Saúde de Sanxenxo, Baltar-Portonovo e Consultorio de Vilalonga.

A distribución da atención pública de saúde nestes tres centros, coincide coa vertebración da poboación do municipio nos tres núcleos de poboación máis importantes e con mellores comunicacións e servizos.

Ao noso entender, aínda que os recursos humanos poden ser suficientes para unha boa parte do ano, non é así na tempada estival, en que gran número de persoas desprázanse ao noso municipio e ocupan eses miles de casas e máis de 200 establecementos hoteleros e cámpings que non son contemplados a efectos de reforzar o persoal sanitario. Pero onde si existe un déficit e nos equipamentos, nos cales a administración municipal pode aportar a súa axuda, e refírome ao consultorio de Vilalonga e ao Centro de Sanxenxo. No primeiro, aportando os terreos necesarios para que se faga un Centro adecuado ás súas necesidades e no segundo, construído fai máis de 30 anos e onde nin sequera hai acceso para minusválidos, e que non reúne as condicións necesarias, nun municipio, onde hai un número importante de baixos, en edificios de recente construción aos cales poderíase trasladar.

O que Vilalonga e Sanxenxo dispoñan de Centros de Saúde adecuados para as súas necesidades significaría unha descongestión no de Baltar-Portonovo, o que redundaría nunha mellor atención e con máis comodidade para os veciños que viven e dependen do citado centro, aínda que este fose o referente para a atención continuada do municipio.

No de Vilalonga o que ten que facer o Concello é (posto que o poñer a disposición da Xunta os terreos non é a fórmula válida), **realizar a cesión da propiedade a través dun Acordo Plenario.**

Na vila de Sanxenxo, ao noso entender, a actuación é máis fácil; o concello pode intentar ofrecer un local nalgunha das actuacións urbanísticas que se están levando a cabo, vía negociación, e a enajenación do inmueble propiedade do SERGAS na Rúa do Progreso podería financiar practicamente a súa construción e equipamiento.

¿Que vantaxes ten para a cidadanía o que eses dous centros (Vilalonga e Sanxenxo) presten uns servizos adecuados aos que deles dependen?, se descongestionaría o centro de Baltar-Portonovo, e tamén, indirectamente, non acudirían ás urxencias hospitalarias máis que en casos de necesidade; tamén poderían servir para atender os desprazados durante a época estival en que tanta xente visítanos, dando unha mellor imaxe do municipio, e consiguientemente da nosa comunidade autónoma.

Por vontade dos veciños desempeñei por máis de 12 anos, na miña etapa anterior, funcións representativas nesta Corporación, e poderíalles contar como, paso a paso, fomos conseguindo un médico para Vilalonga-Noalla, e que o médico de Portonovo non consultase aos veciños nun local cheo de ratas ás 11 da noite, sendo o principal municipio turístico de Galicia. Os que nos visitaban quedábanse perplexos de que non houbera un servizo de atención desde as 14h. ata as 9 do día seguinte; unha doutora veu para a vila de Sanxenxo anos despois de que nos correspondese polo número de cartillas; desde o concello non se atrevían a solicitar que se cubrixe os que naqueles momentos gobernaban. Algunha mellora mais chegou por aquel entón ao noso municipio. É de cabaleiros recoñecer a gran man que nos botou, o por aquel entón subdirector de Asistencia Sanitaria da Dirección Provincial do Insalud, Don Calletano Rodríguez Escudero, actualmente, unha vez transferidas as competencias, é Secretario Xeral do Servizo Galego de Saúde.

Na vía pública, igual que as libertadas, o traballo diario, duns e outros, fan posible que se alcancen aquelas cousas que demandan ou lles pertencen por dereito aos cidadáns, no caso que nos ocupa, aos que representamos.

Outro problema denunciado polos veciños de Sanxenxo, é cando o titular, por dereito ou esixencias da administración, permanece ausente do posto e non mandan sustituto; as persoas que teñen necesidade de ser atendidas teñen que ir ao centro de Baltar-Portonovo, onde o fan coma se fosen desprazados e dunha forma somera, xa que as súas historias permanecen no centro do que dependen, neste caso, o de Sanxenxo, o que non nos parece admisible.

Por todo o exposto, pensando nos veciños que necesitan a nosa solidariedade e sobre todo os maiores que pasaron os altibaxos dos anos difíciles da nosa historia recente; e coa vista posta nunha sociedade máis xusta e mellor, someto á consideración da Corporación os seguintes puntos da presente MOCIÓN:

Considerar unha prioridade municipal o transferir a propiedade dos terreos, onde se construíra o centro de saúde de Villalonga, á Xunta de Galicia, e que elo se realice no prazo mínimo posible.

- Solicitar a todos os grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia, que o están nesta Corporación, que apoiem a urxente construción do Centro de Saúde de Vilalonga facendo as intervencións que crean pertinentes a tal fin.

- Solicitar da Xunta de Galicia que destine unha partida, suficiente, se non a ten contraída, co fin de pode levar a cabo a Construción do Centro de Saúde de Vilalonga durante o ano 2008 – Solicitar á Xunta de Galicia a construción dun novo Centro de Saúde na Vila de Sanxenxo, ofrecéndose o Concello a asinar un convenio de colaboración; facendo as xestións para atopar un lugar adecuado para o seu ubicación si elo fose requerido pola Consellería.

- Solicitar os grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia, que tamén o están nesta Corporación, que fagan as xestións pertinentes para que a Vila de Sanxenxo poida contar cun Centro de Saúde adecuado para atender as necesidades dos cidadáns.

- Solicitar aos grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia, que tamén o están nesta Corporación, que nos orzamentos do exercicio do 2009, inclúase unha partida para a construción do Centro de Saúde de Sanxenxo.

- Solicitar ao SERGAS que cando o titular do Centro de Saúde de Sanxenxo, en goce dos seus dereitos ou obrigacións, teña que ausentarse, manden un sustituto para atender á poboación asistida.””

A **Sra. alcaldesa** manifestou que a moción ten tantos antecedentes sobre a sanidade que só lle faltou referirse a cando “os cristiáns curaban a lepra”.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** recoñeceu que a moción era longa, pero que aínda podía ter 15 folios máis. Manifestou que sempre é importante coñecer os antecedentes para

explicar os problemas sanitarios que temos en Sanxenxo. Rematou dicindo que como a moción foi presentada o día 10 de decembro pasado, xa está un pouco desfasada, apreciando que o goberno traballou tendo en conta aspectos da mesma.

A **Sra. alcaldesa** díxolle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que non pasa nada por recoñecer que temos un goberno que traballa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que está encantado de que as súas mocións fagan reaccionar ó goberno local diante dos problemas dos veciños.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o seu grupo está en contra da urxencia da moción por dúas razóns: a cesión do terreo para o centro de saúde en Vilalonga xa foi acordada neste pleno e sobre o novo centro de saúde para Sanxenxo xa hai conversas coa consellería de sanidade para situalo nunha parcela determinada, pero está afectada pola Lei de protección do litoral (a menos de 500 metros da costa).

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (Grupos Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: nove** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, por maioría, non se debateu a moción.-----

110 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PARA INVESTIGAR SOBRE COMPRA E VENDA DE TERREOS POR PARTE DO EX-ALCALDE D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ PARA SÚA EMPRESA “CONSTRUCUATRO” (R. DE ENTRADA Nº 8040 DO 14/12/07). O **Sr. secretario** deu lectura á moción que literalmente di:

“JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante do Partido Político **VIPS** (Vecinos Independientes por Sanxenxo), na Corporación

EXPÓN :

Cada día son mais os casos, que se descubren, sobre corrupción urbanística, nos que están implicados políticos que non souberon cumprir co que xuraron en a toma de posesión: A Constitución, amén das Leis, a ética e a moral. Por iso os políticos, concretamente os membros das Corporacións Locais, debemos sementar a confianza entre os cidadáns, e para facelo, nada mellor que someternos aos propios controis que podemos exercitar. Non debendo negarse ninguén, a non ser que se sinta culpable de algo; só así se poderá cambiar está “bola” que engloba a “todos”.

En Sanxenxo, VIPS, ten coñecemento de varios “erros” na redacción final do PXOM, algúns dos cales producíronse en propiedades de persoas ás que se lle prometeu unha subsanación, promesa que mais ben nos parece que foi un “cálate”, que o “meu”, o que mais interesábame ou preocupaba, estaba arranxado.

Con todo, hai outros solares que foron transferidos antes, durante, ou logo da aprobación do PXOM, nos que se xogou cos volumes dunha forma que polo menos a nós, como grupo

político, parécenos sospeitosa, sospeitosa porque nas transacciones dos mesmos aparecen persoas con influencias sobre o propio Plan Xeral.

Algúns dos solares referidas, no párrafo anterior, atópanse situados á marxe dereita da Rúa Progreso, esquina ao que será a continuación da Rúa Panadeira. Sobre ditas parcelas, construíronse un bloque de vivendas que, ao noso parecer, cumpren co actual P.X.O.M. de Sanxenxo, ou polo menos iso entendemos, posto que se lle concedeu a licenza de primeira ocupación a través dunha resolución o 13/06/2006.

Devanditos solares aparecían nas **antigas Normas Subsidiarias Municipais** cunha superficie total edificable, sempre sobre a rasante, duns **3.430 m²**, todo iso en planta baixa, cinco plantas e ático.

Na exposición pública do P.X.O.M. aparece modificado o volume, a través dun lixeiro aumento, e **pasa a uns 3.633 m²**; mantense o mesmo número de plantas que figuraba no planeamiento anterior: as Normas Subsidiarias Municipais. Como se pode apreciar **o aumento é duns 203 m²**.

Mais tarde despois do período de alegacións, **apróbase o P.X.O.M.**, e sobre a superficie aparécenos unhas novas modificacións que permiten realizar **uns 4.511 m²** de edificación.

Atopámosnos cun novo **aumento de volume, esta vez dun 1.081 m²**, o equivalente a unhas 10 vivendas das edificadas mais tarde.

Para poder modificar unha forma tan brusca a rentabilidade dos antigos solares (superficie total a edificar), durante a xestión do Plan Xeral xogouse con ancho das dúas rúas ás que linda (recordemos que forma esquina), e **casualmente o modificación que lle dá o gran aumento de volume non aparece durante a exposición pública, e si no documento de aprobación definitiva.**

Durante a mostra pública, os solares tiñan moito menos valor do resultante logo da aprobación definitiva do Plan Xeral.

Todo o anteriormente exposto podería ser unha simple anédocta se a construción, que se levou a cabo sobre a superficie, non fose realizada por unha empresa na que, o por aquel entonces alcalde de Sanxenxo D. Telmo Martín, tiña e ten un 33%, como mínimo, de participación, concretamente a empresa é CONSTRUCUATRO.

A Rúa Panadeira sufriu unha modificación, para o que non se dubidou en darlle un crebo á mesma, pasando de ser unha rúa recta a ter un ángulo para afastarse da alineación que tiña, e darlle uns 4 metros máis de fondo á edificación en toda a fachada a devandita rúa.

Tamén na Rúa Progreso, (CC. 550) expúxose o planeamiento cun ancho de vial, nesa zona imposible, 16,5 metros; logo na aprobación definitiva pasou a 13 metros, co que gañou outros cantos metros mais de fachada dada a configuración do solar.

Tampouco tería maior transcendencia, se os solares non estivesen sendo negociados paralelamente ao trámite do planeamiento, e a eles non optasen outros interesados.

Pero os negocios desta empresa, na que o Sr. Martín era socio (e parece que o segue sendo) con poder e influencia política, non foron na despreciables no municipio de Sanxenxo.

Segundo parece : “Martín comprou tres leiras rústicas por 600.000 euros, as recalificó e vendeunas por 2,8 millóns de euros. O entón alcalde explicou así a estraña mestura de políticos e negocios : “sendo Honrados todo pódese compatibilizar”. En devandita operación, polo tanto, gañou uns 370.000 millóns de pesetas. Era Alcalde.

Como di a frase , “A muller do Cesar non só debe selo, tamén debe parecelo”.

Por todo o anterior, e para calar dunha vez por todas os comentarios que se escoitan, non que se di haberse servido do cargo de alcalde, para facer negocios inmobiliarios en favor das empresas nas que participa, solicito ao Pleno da Corporación a través destas

MOCIONES :

- 1.- Crese unha comisión de investigación, con todos os grupos políticos da Corporación, na que se aclare, entre outros :
- 2.- Cualificación urbanística e superficie total a construír, da parcela sobre a que se edificou Construcuatro, na Rúa Progreso esquina a R./Panadeira, antes da súa modificación polo PXOM.
- 3.- Os mesmos datos do punto anterior, referidos ao aumento da exposición pública do PXOM.
- 4.- Superficie total a construír, da parcela, lo da aprobación do PXOM.
- 5.- Data na que se visou o proxecto básico do devandito edificio.
- 6.- Data na que foron compradas e rexistradas as parcelas no Rexistro de Cambados.
- 7.- Data de compra , por construcuatro, dos terreos do Humedal de Baltar.
- 8.- Data de venda, por Construcuatro, das parcelas do Humedal de Baltar.
- 9.- Cualificación urbanística e parámetros edificatorios, á data de compra, das parcelas compradas por Construcuatro no Humedal de Baltar.
- 10.- Cualificación Urbanística e parámetro edificatorios, das mesmas parcelas do apartado anterior, logo da aprobación do PXOM de Sanxenxo.
- 11.- As que propoña calquera membro da Comisión.
- 12.- Conclusión de se a empresa construcuatro, a través do d. Telmo Martín, ex alcalde de Sanxenxo, púidose servir das vantaxes do seu cargo, da información e “poder” que se ten a través do mesmo, para facerse cos solares referidos anteriormente.

Comisión que esperamos tómese o acordo de crear, e despexe dunha vez por todas a sensación manifestada pola cidadanía de que “todos os políticos son iguais”, empezando nós mesmos a demostrar o contrario. Que só o sentido de culpabilidade fáganos votar en contra da creacións da devandita comisión.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que debe tratarse este tema por razóns éticas xa que todo indica que D. Telmo Martín obtivo proveito. Engadiu que coñece os cambios que houbo no planeamento e que resulta incomprensible, como o solar da rúa Progreso de “Construcuatro” que tiña na exposición pública do PXOM 1.081 m² menos de aproveitamento que coa aprobación definitiva do Plan xeral.

A **Sra. alcaldesa** pregou ó Sr. Rodríguez Lorenzo que xustificara a urxencia da moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** insistiu no contido da moción.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo estaba en contra da urxencia, engadindo que o PXOM estivo exposto ó público no seu día e houbo moitas alegacións que foron tratadas de acordo coa normativa. Díxolle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que descoñecía as ocupacións que tiña por aquelas datas o concelleiro do grupo mixto, pero que non pode pretender agora é que o urbanismo sexa “o cabalo de batalla” neste concello. Continuou

dicindo que non se pode “enmerdar” así os políticos insinuando que son delincuentes cualificando como “rastrera” a política do Sr. Rodríguez Lorenzo. Rematou dicindo que o grupo de goberno non pode nin debe investigar os negocios de ninguén, e que todos aqueles que teñan dúbidas sobre actuacións determinadas deben acudir á fiscalía.

Tras reiterar o **Sr. Rodríguez Lorenzo** cuestións éticas, procedeuse á votación da urxencia acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: nove** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, por maioría, non se debateu a moción.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, ausentase da sesión o concelleiro do BNG, Sr. Otero Domínguez.

111 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO SE APOIE A INICIATIVA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE DA CONSTRUCCIÓN DO HOSPITAL ÚNICO EN MONTECELO - PONTEVEDRA (R. DE ENTRADA Nº 8145 DO 20/12/07). O Sr. secretario deu lectura á moción que literalmente di:

“JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ L., representante de **VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo)**, manifesta :

O pasado luns día 17 celebrouse na capital da provincia unha presentación do hospital Único de Pontevedra, de indubidable interese para os veciños de Sanxenxo e da comarca xa que vai ser o de referencia; presentación, a que VIPS foi invitado, por certo, na que non había ningún representante das outras tres forza políticas presentes na corporación, Partido Popular, PS de G – PSOE e BNG.

O Hospital Único vai representar un investimento próximo aos 100 millóns de euros, unha edificación de 66.000 metros cuadrados, dos cales preto de 50.000 o serán nun novo inmoble, con capacidade para 749 camas, ampliables a 817 cun 30% de habitacións individuais (100 nos servizos de Oncoloxía e Obstetricia) e ata un 40% de cirurxía ambulatoria, sen ingreso.

Pola importancia e indubidable interese que a execución desa obra ten para os veciños de Sanxenxo e da comarca, o mesmo que fixeron (segundo os medios de comunicación) empresarios da pequena e mediana empresa (AEMPE) E DA Cámara de Comercio, ademais doutros colectivos); sometemos á consideración da Corporación a seguinte

MOCIÓN

Apoiar a iniciativa da Consellería de Sanidade para a construción do Hospital Único de Pontevedra en Montecelo, con posibilidades de futuras ampliacións en función das necesidades da cidadanía e que será o de referencia para os veciños de Sanxenxo, pedíndolles que consideren a obra prioritaria aos efectos dunha pronta execución para da a todos unha asistencia sanitaria digna, tal como manda a Constitución””.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que non tiña sentido entrar a debater urxencias cando xa foi presentada a moción hai máis dun mes. Criticou o sistema do debate das mocións en xeral.

A **Sra. alcaldesa** preguntou cal era a urxencia, e ante o silencio do concelleiro do grupo mixto someteu a urxencia a votación.

Votos a **favor: oito** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: nove** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, por maioría, non se debateu a moción.-----

Neste intre e con permiso da presidencia, incorpórase novamente á sesión o concelleiro do BNG, Sr. Otero Domínguez.

112 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOLICITANDO O APOIO Á CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO PARQUE DA CONSTITUCIÓN DA VILA DE SANXENXO, DENEGADO POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES (R. DE ENTRADA Nº 485 DO 17/01/08). O Sr. secretario deu lectura á moción que literalmente di:

“José L. Rodríguez Lorenzo, representante de **VIPS (Vecinos Independientes por Sanxenxo)**, na Corporación manifesta :

Un dos problemas mais importantes da maioría dos núcleos de poboación na nosa comunidade é a falta de aparcamentos, o que dificulta o desprazamento dos cidadáns e o consiguiente dano á actividade económica e empresarial, queixa difundida polos residentes e o visitantes. O noso municipio non é unha excepción e na última enquisa (CETS) que se fixo na pasada tempada, foi unha queixa xeneralizada, coa consiguiente repercusión na actividade e a mala imaxe que se proxecta dun municipio cunha afluencia tan importante sobre os visitantes que recibe Galicia.

Co fin de paliar, onde sexa posible e máis necesarias, a falta de prazas de estacionamento, o Concello de Sanxenxo pretende a construción dun subterráneo na Praza da Constitución, non só necesaria para a tempada estival, calquera día do ano é unha demanda de primeira orde.

Sorprendeunos a medida que acaba de tomar a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ao resolver denegar ao Concello a autorización para construír o proxectado aparcamiento subterráneo no Parque da Constitución, por considerar que ocupa terreos de dominio público marítimo-terrestre, cando dispoñemos da autorización de Costas do Estado, que ten intereses e competencias na defensa do dominio marítimo-terrestre. Posiblemente en Madrid coñezan mellor esta necesidade.

A negación da Xunta baséase en que, a normativa actual só permite autorizar aqueles proxectos que presten servizos ao uso de dominio público marítimo-terrestre ou que pola súa natureza non poidan ter outra ubicación. Segundo o departamento da Xunta, o párking da Panadeira non se atopa en ningún destes casos, pois “non cabo aquí falar de necesidade, senón de conveniencia do Concello en ubicar nese lugar concreto ou aparcadoiro”, sosteñen.

Sen entrar en polémicas, polo menos por agora, queremos pensar que o xefe de servizo de Protección do Litoral, Francisco de Pena Pérez, asinou tal resolución por descoñecer a realidade da contorna no que se pretende ubicar o subterráneo, e tamén de que se utilizan conceptos incompletos, ou polo menos erróneos, para chegar ao fin pretendido.

O dicir que a ubicación é debido a unha ¿conveniencia do Concello? Pódese chegar a admitir. O que hai que saber é a motivación que nos levou a mais dun grupo político, no Concello, a

considerar conveniente tal subsuelo nunha contorna rodeada de praias e edificaciónes.

Sen entrar en valoracións políticas pero si preocupados de que se poñan trabas a unha obra tan necesaria para os intereses do municipio é polo que, entende VIPS, que todos os membros da corporación e particularmente aqueles que representan nela os mesmos intereses políticos que os que tomaron a decisión de paralizar devandita obra, traballemos no interese común, dado pola necesidade, e que se poida levar a término.

Por todo iso e pola importancia que ten para os veciños visitantes e para o desenvolvemento do Municipio devandito aparcamiento a realizar no subsuelo dun terreo que non fai moitos anos foi "saneado" polo Concello, pois anteriormente for un Cemiterio Municipal, é polo que sometemos á consideración da Corporación as seguintes :

MOCIÓNS :

- Que se acorde por parte da Corporación o apoiar o proxecto de construción do aparcamiento subterráneo nos Parque da Constitución da Vila de Sanxenxo, pola súa necesidade e indubidable interese para os veciños, solicitando particularmente ás forzas políticas representadas e con responsabilidade no Goberno da Xunta de Galicia, que fagan as xestións necesarias para conseguir que a citada obras poida ser unha realidade nun futuro razoable.

- Que se tome o acordo de solicitar do a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes reconsiderar a denegación da autorización para a construción por parte do Concello do aparcamiento subterráneo no Parque da Constitución na Vila de Sanxenxo."

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, insistiu na necesidade do aparcadoiro.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, manifestou que o seu grupo ía apoiar a urxencia ó considerar o aparcadoiro da Panadeira unha obra imprescindible para Sanxenxo.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que o seu grupo estaba en contra da urxencia. Indicou que había un erro importante pois o Servizo de Costas do Estado non autorizou a obra senón que limitouse a dicir que o asunto non era da súa competencia. Lembrou que isto xa o dixeran cando, co alcalde anterior, se plantexara a polémica sobre a situación do mercado de abastos. Engadiu que hai que cumprir coa normativa, xa que o informe da administración autonómica é claro.

A Sra. alcaldesa manifestou que está de acordo coa moción. Engadiu que o Servizo de Costas en Madrid permite a obra do aparcadoiro pero a xunta non. Rematou dicindo que non entende ós concelleiros que prefiren darlle a razón a xunta en lugar de apoiar ós veciños de Sanxenxo que necesitan esta instalación.

Sometida a urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: dez** (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: sete** (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, e por maioría, pasouse a debate-la moción.

O Sr. Rodríguez Lorenzo manifestou que hai un informe favorable de Costas do Estado, que aínda non considerándose unha autorización en si, é suficiente. Indicou que

o concello considera convinte situalo no parque da Constitución porque é unha necesidade para a vila e máis tendo en conta que o mercado debe continuar na mesma situación. Engadiu que a Lei de costas dispón que as praias deben ter aparcadoiros fóra da zona de area e que neste caso a instalación é imprescindible pois na zona da Panadeira é onde máis vivendas hai por metro cadrado. Tamén dixo que os representantes do PSOE actúan “polo puto voto” cando se trata de apoiar ós piragüistas (a moción vaise debater con posterioridade) pero neste caso non apoian, amosando que parece que os socialistas tratan de que o goberno local faga o menos posible. Rematou dicindo que VIPS non actúa así, porque se hai necesidades e se propoñen melloras para o pobo, estarán sempre apoiando co seu voto, veñan as iniciativas de onde veñan.

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que o Servizo de Costas do Estado o que comunicou foi que non é o organismo competente para decidir sobre a situación do aparcadoiro. Lembrou que cando se tratou sobre a situación do mercado xa dixeran que non se ía permitir a obra na Panadeira pola proximidade á costa e que o ex alcalde, D. Telmo Martín, afirmou que, xestionando o aparcadoiro unha empresa, habería posibilidades de conseguir a autorización. Rematou dicindo, que as cousas hai que dicilas como son, gusten ou non gusten.

A **Sra. alcaldesa** recomendoulle á concelleira socialista que mire para adiante porque o aparcadoiro, máis que necesario, é imprescindible para o futuro do concello. Engadiu que D. Telmo Martín xa “nada pinta” neste asunto do aparcadoiro aínda que tiña a sensación de que a Sra. Aguín botábao de menos, quizais polo seu “sorriso marabilloso”. Preguntou tamén á voceira do PSOE por qué sempre xurden problemas coa CPTOPT, lembrando que había un compromiso verbal con Costas do Estado xa que este organismo non apreciaba ningún inconveniente coa Lei de costas “na man”. Rematou dicindo que noutras cidades non ocorreu isto, pero en Sanxenxo topámonos coa CPTOPT.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** lembrou que o 31 de xullo pasado xa dixeran no pleno que desexaba que as xestións con Costas foran fructíferas para que o aparcadoiro fose unha realidade. Díxolle á Sra. Aguín que se a xunta pode autorizar unha instalación, hai que apoiala. Rematou lamentando que a voceira socialista pretende que se apoiem as súas iniciativas, mentres ela rexeita as dos demais aínda que sexan de interese para todos.

Sometida a moción a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: dez** (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: sete** (Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, a corporación municipal en pleno, por maioría, aprobou a moción.---

113 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE O AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO – ADMINISTRATIVO DO ENLACE DO PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES COA VÍA DO SALNÉS, E SE SOLICITE DA XUNTA DE COMPENSACIÓN RELACIÓN DE EMPRESAS E NÚM. DE EMPREGADOS A CONTRATAR EN CADA UNHA DELAS (R. DE ENTRADA Nº 8313 DO 28/12/07). O **Sr. secretario** deu lectura á moción que literalmente di:

“JOSÉ-LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante na Corporación por **VIPS** (Vecinos Indepedientes por Sanxenxo), expón :

Decatados polos medios de comunicación do auto do Xulgado Contencioso – Administrativo que rexeita a paralización das obras de desdoblamiento da vía do Salnés, ao seu paso por Nantes, ordenada pola alcaldesa de Sanxenxo, Catalina González, e logo dos escritos con Mociones, Ruegos e Preguntas que lle presentei, con data 2/8 – 9/8 – 20/8 –25/9 – 20/11 – 27/8 e 18/12, entre outros, nos que falabamos do interese xeral, o ben común, os bens e seguridade dos veciños no seu tránsito pola autovía que a Xunta preténdenos facer e Vd., coa súa actuación, paralizou parcialmente, empregando a forza pública que, entre outros cometidos, vela pola seguridade das persoas que circulan por esa vía rápida, a que se pretende mellorar con ditas obras; a mesura, cordura, luces políticas que deben mostrar os que gobernan Sanxenxo, a debida colaboración entre as administracións en ben das persoas que representan etc., espírito e expresións recollidas no auto do Xulgado, fallo que protexemos plenamente (uns días antes expresabámosnos coas mesmas frases que emprega o Auto do Xulgado, á vez que lle pedíamos que retirase a paralización), destaca, principalmente, que o interese xeral, a seguridade vial e o ben común están por encima doutras consideracións do tipo que sexan.

Agora o que nos queda, ao nos entender, é cooperar coa Consellería para que os traballos na futura autovía do Salnés finalicesen canto antes, e, por encima de todo, intentar compoñer as vías de diálogo coa Consellería de Ordenación do Territorio para ver a forma de que o polígono, obra de indudable interese para o municipio e a comarca, teña os accesos máis adecuados posibles e poida entrar proximamente en funcionamento; pero, ben entendido, sen que coste un só euro aos petos dos contribuyentes de Sanxenxo, tal como sempre defendemos e vostede a manifestado.

Por certo, os metros cadrados que discorren paralelos á Vía Rápida e que están sendo ocupados pola consellería, cualificados como “viarios”, son 19.470, e non os 23.000 que Vostede cita, e que mais dunha vez manifestou que estaban cedidos.

O Goberno Municipal de Sanxenxo, na defensa do polígono de Nantes, antepuxo a os intereses xerais a seguridade, o ben común, o enfrontamento con outras administracións, en definitiva, o desgaste de enerxías políticas que os veciños puxeron nas súas mans en contra do ben de todos e que menos que esixirilles aos promotores dunha iniciativa tan loable como é o Polígono de nantes, que teñan en conta aos veciños de Sanxenxo no momento da creación deses 5000 postos de traballo que parece que crearán as industrias que no mesmo instálense.

Sra. alcaldesa, e demais compañeiros do seu grupo, os grandes temas necesitan da colaboración de todos, dos que poden aportar propostas, dos que as poidan rexeitar, dos que din que non a todo, dos que aceptan todo o que se lle propón. En definitiva : En política que hai veces nas que é mellor errar en grupo que acertar en solitario. Por todo iso, sometemos á consideración da Corporación as seguintes

MOCIÓNS :

- Dar por conforme o Auto do Tribunal Contencioso – Administrativo que rexeita a suspensión das obras da autovía, ao seu paso por Nantes, para qu as obras non rexistren atrasos innecesarios, pola importancia do desdoblamiento da actual vía de alta capacidade, para mellorar a seguridade vial, dada a súa consideración de “interese xeral”.

- Como a cifra de 5000 postos de traballo a crear (antes 3000) parécenos que é produto máis do entusiasmo en conseguir apoios para o parque, que da propia realidade definida por un estudo. Que se solicite á xunta de compensación do referido polígono, unha relación de empresas e o número de empregados a contratar cada unha delas.

- Que unha vez teñamos os datos dos postos de traballo, directos, a crear no Polígono Empresarial de Nantes, celébrese unha Xunta de Portavoces e técnicos municipais, na que se estude o tema dos enlaces e que o grupo de goberno e a oposición poidan presentar as súas alternativas, apoios, ou rexeitamento ás propostas que se realicen na Xunta de Portavoces.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que a Sra. alcaldesa debía reunir ós voceiros para que se fagan propostas co fin de resolver este problema dunha vez por todas.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o seu grupo estaba en contra da urxencia, anunciando que o auto estaba recorrido, aínda que, ó parecer, hai un acordo de cofinanciamento entre os empresarios e a CPTOPT sobre o entronque. Rematou dicindo que se o acordo é beneficioso, o concello retirará o recurso de inmediato.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que se hai un acordo tripartito retira tódalas mocións sobre o parque empresarial.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se está a redactar un proxecto do entronque por iniciativa dos empresarios, desexando que haxa acordo entre este colectivo, a CPTOPT e o concello. Engadiu que se está a espera de coñecer os plantexamentos para avaliar se hai posibilidades de asinar o convenio. Rematou dicindo que se hai acordo o concello retirárase da vía xudicial.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que se hai acordo non hai nada que obxectar, anunciando que retomarás tódalas propostas se o acordo non se produce, salientando a importancia do parque empresarial para o futuro de Sanxenxo. Rematou dicindo que retiraba a moción.-----

114 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (R. DE ENTRADA Nº 622 DO 24/01/08) SOBRE A DESAPARICIÓN DA TARIFA NOCTURNA A PARTIR DO 1 DE XULLO DE 2008, E O MANTEMENTO DUNHA TARIFA CON CARACTERÍSTICAS SEMELLANTES Á NOCTURNA. Polo Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, dáse lectura á moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, **Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de Sanxenxo.

EXPÓN:

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como son : acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc., que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou a instalación non fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que *“Os/As consumidores/as acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexan acollerse. Unha vez transcorrido o prazo sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada”*.

É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 €uros por cliente. Uns 200 €uros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 €uros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custes de adaptación dos equipamento das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria”.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que a urxencia estaba plenamente xustificada pois debe actuarse sen demora neste importante problema.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que ía apoiar a moción aínda recoñecendo que é un documento do partido que ven redactado “dende arriba”. Engadiu que neste tema os gobernantes están a facer “chapuza tras chapuza” e referiuse a que leu que o presidente da xunta ía facer xestións pero non as coñece. Rematou dicindo que, de tódolos xeitos, a moción debe ser aprobada porque nos argumentos se ten toda a razón.

Tamén anunciou o voto favorable do seu grupo a **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, que lembrou que nunha sesión da Comisión Nacional da Enerxía de xullo de 2007, houbo un representante do BNG, D. Ramón – Anxo Calvo Silvosa que votou a favor das teses que agora se consideran prexudiciais.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que se alegraba que por unha vez a concelleira socialista defendera os intereses dos veciños.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o seu grupo ía apoiar a moción engadindo que, tiñan outra preparada en termos parecidos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicoulle á Sra. Aguín Pombo que hai que apoiar as cousas boas para o concello e para os cidadáns.

A **Sra. Aguín Pombo** contestoulle ó Sr. Rodríguez Lorenzo que entende que lle guste “meterse con ela” xa que está doído por representar ela as siglas do PSOE e non el. Reiterou a incongruencia de que un membro do BNG na Comisión de Enerxía votara a favor da eliminación da tarifa nocturna, mentres outros votaron en contra.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** díxolle á Sra. Aguín sobre o tema de estar ou non no PSOE, que non diga tonterías.

Sometida a urxencia da moción, foi aprobada por unanimidade de todos os concelleiros.

Sometida a moción a votación, foi aprobada por unanimidade de todos os concelleiros.--

115 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 695 DO 29/01/08) SOBRE AS INSTALACIÓNS DO CLUB DE PIRAGÜISMO DE PORTONOVO SE FAGAN NO RECINTO PORTUARIO DO PORTO DE PORTONOVO. A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguín Pombo deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

O CLUBE DE PIRAGÜISMO PORTONOVO foi fundado fa 29 anos, froito da inquietude dun grupo de xóvenes do pobo e gracias ó impulso que estaba dando a Federación Galega recén creada naquel intre. Naquel entonces era un dos quince primeiros clubs que existiron en Galicia.

Dende a súa creación a sede do clube xa pasou por lugares de todo tipo, dende a entrada dun colexio ou o garaxe de distintas vivendas particulares.

Na actualidade o clube de piragüismo ten a súa sede no baixo do Edificio de Usos Múltiples da Vila de Portonovo.

En todos estes anos o clube non deixou de formar a moitísimos xóvenes do concello tanto a nivel deportivo como a nivel humano, é por este motivo que esta institución ten ben merecido un lugar destacado no eido social deste concello; Sen embargo, cremos que non se tratou

durante estes anos có respecto e consideración que se merece, xa que dalgunha maneira substituíron con dita labor ós que teñen a responsabilidade de formar a rapaces do concello. Isto é posible gracias ó sacrificio de moitos directivos que buscan diariamente os medios económicos e humanos para poder desenrolar esta labor tan fundamental para a formación dos nosos xóvenes.

Van pasando as tempadas e vanse acadando melloras tanto no que a material se refire como ós resultados obtidos polos palistas.

A principal actividade do clube céntrase nas categorías de promoción (Alevín e Infantil) entre os 8 e os 13 anos xa que a idade na que os rapaces teñen maior capacidade de aprendizaxe e destreza, ademais é a idade na que se considera que o rapaz se engancha a práctica dun deporte cumprindo así a labor social que toda escola deportiva debe ter.

A pesar de todo isto as instalacións e a ubicación non son as axeitadas para un clube de tanta envergadura como é o de Portonovo, por este motivo o PsdeG-PSOE de Sanxenxo mantivo varias conversas para buscar unha solución a este problema co Presidente de Portos de Galicia.

Fai uns días, os concelleiros do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e a Directiva do Clube de Piragüismo Portonovo reuníuse en Santiago nas dependencias de Portos de Galicia co seu Presidente para tratar a ubicación do Clube na zona portuaria de Portonovo, o cal manifestou a súa vontade de que esta zona sexa a idónea para a ubicación deste Clube.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte :

ACORDO:

1. Que as instalacións do Clube de Piragüismo Portonovo se fagan no recinto portuario do Porto de Portonovo.
2. Dar traslado deste acordo a Portos de Galicia para iniciar os trámites da concesión administrativa ó Clube de Piragüismo Portonovo.””

A **Sra. Aguíñ Pombo** manifestou que a urxencia está plenamente xustificada e que estamos diante da oportunidade de contar no porto cunhas instalacións para estes deportistas que na actualidade teñen todo tipo de problemas para levar a cabo a súa actividade, como é, por exemplo, cruzar os rapaces a estrada coas embarcacións. Engadiu que puidera haber unha solución mellor pero que hai que aproveitar esta opción da concesión no espazo portuario.

Sometida a urxencia a votación, foi aprobada por unanimidade.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, desexou ós deportistas que teñan sorte para que a obra sexa unha realidade canto antes.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o goberno local sempre estivo interesado en resolver o problema da sede do club de piragüismo e así, en varios orzamentos, consignáronse cantidades para este fin, que non puideron ser investidas pola indefinición en canto a situación do edificio.

Sometida a votación foi aprobada por unanimidade de todos os concelleiros.-----

116 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (R. DE ENTRADA Nº 668 DO 26/01/08) SOBRE ADHESIÓN DESTE CONCELLO AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, deu lectura á moción que literalmente di:

“”D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, Portavoz do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

EXPÓN:

O Consello da Xunta de Galiza aprobou o 15 de xuño de 2006 a **creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos concellos galegos**. Naquel acordo autorizouse a sinatura do convenio para a constitución do Consorcio entre a Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cunha serie de concellos galegos. Este convenio foi publicado, xunto cos Estatutos do consorcio, no Diario Oficial de Galiza nº 131 de data 7 de xullo de 2006.

A día de hoxe, forman parte do Consorcio **un total de 197 entidades locais**.

Até 2010, o Consorcio investirá máis de 130 millóns de euros na creación, rehabilitación e xestión de centros de servizos sociais.

Ademais dos centros que prevé incorporar, o Consorcio permitirá a construción dun total de 121 novos centros na área de Igualdade -escolas infantís- e de 77 novos centros na área de benestar -entre residencias, miniresidencias e centros de día para a terceira idade e centro de atención á discapacidade-.

Se prevé que o Consorcio poida xerar máis de 4.000 empregos nos distintos concellos implicados na súa actividade. Os centros en materia de igualdade xestionados polo Consorcio poderán xerar un total de 2.000 postos de traballo directos nos concellos en que se atopen e, no caso dos centros da área de benestar, poderán supoñer case 1.700 empregos directos e máis de 300 indirectos.

A creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar responde a varias finalidades fundamentais para o BNG : Necesidade **de garantir a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa** na efectiva prestación de servizos sociais de ámbito local, en termos de equilibrio territorial na súa distribución, en condicións de calidade, e baixo o principio básico de proximidade. **Modificar o modelo de prestación de servizos sociais existente**, con fin de paliar as deficiencias que nestes momentos presenta : Oferta insuficiente, carácter fragmentario e descontinuo a efectos de xestión e cobertura territorial, e falla de mecanismos efectivos de coordinación entre os sistemas de protección social e os propios axentes. **Implantación dun modelo homoxéneo na prestación** de servizos sociais para garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente; incremento do niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; distribución efectiva dos servizos e prestación a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación -asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio; contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo.

As dúas áreas en que traballa o Consorcio son a de Igualdade e a de Benestar. Na primeira delas trabállase pola conciliación da vida laboral e persoal, para o que se crea a Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas) e púlase pola igualdade e a protección das mulleres vítimas de malos tratos. No terreo do Benestar o principal proxecto é a creación da Rede Pública de Atención á Terceira Idade e á Dependencia, na busca, entre outros aspectos, de mudar neste eido a relación de dependencia dos concellos respecto da xunta de Galicia. Outros dos ámbitos de actuación focalizados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar será a

loita contra a pobreza e a exclusión social, estratexia que se desenvolverá sobre a base do II Plan Galego de Inclusión Social.

Coa creación do consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, arbítrase unha **fórmula innovadora de xestión** no eido das políticas de provisión de servizos sociais, orientada á garantir, en calquera caso, a prestación dun servizo de calidade e con niveis suficientes de cobertura poboacional e territorial.

A Administración Autonómica forma parte do Consorcio como consecuencia de competencias que lle son propias: a planificación e programación e a ordenación e coordinación do sistema de servizos sociais galegos, en coherencia coas notas centrais que o caracterizan como sistema integrado e de responsabilidade pública.

Con pleno respecto ao principio de autonomía local, *a administración directa dos centros será exercida polos concellos integrantes do Consorcio que así o soliciten, e sempre de acordo ás directrices xerais emanadas do mesmo*. A prestación de servizos por parte do consorcio non é en modo algún substitutoria de competencias municipais, senón unha **ferramenta de complementariedade e apoio para os concellos** que subministra orientación estratéxica, planificación e asistencia prestacional, especialmente naqueles casos en que os concellos, previsiblemente en atención á súa imposibilidade e/ou insuficiencia na prestación, expresamente o soliciten.

O noso concello precisa adherirse ao Consorcio para poder participar do mecanismo máis útil para lograr que os veciños e veciñas da nosa localidade podan disfrutar de servizos sociais públicos, de calidade e correctamente xestionados e financiados.

E por todo isto que propomos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. *Adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.*

2. *Facultar á alcaldía a formalizar a adhesión do Concello ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para o que, previamente, deberá aprobarse nunha próxima sesión plenaria os Estatutos de adhesión ao Consorcio e o nomeamento do/a representante do Concello no citado Consorcio.”*

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que estabamos ante un asunto urxente polos problemas que ten na actualidade o concello para financiar proxectos. Lembrou que o consorcio financia o 80% do custo das infraestruturas e o 70% do custo de mantemento dos servizos. Engadiu que sempre sería ben recibido ese financiamento e indicou que están adheridos no consorcio concellos de distinta cor política (Vilanova, O Grove, Cambados...) que aforran cantidades importantes.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, manifestou que o seu grupo estaba en contra da urxencia e da moción porque Sanxenxo xa ten os seus servizos sociais propios. Engadiu que o consorcio non é mais que para darse “autobombo”, criticando que se recorra a “fórmulas estrañas” para gobernar os servizos sociais dos concellos dende Santiago. Cualificou a política das leis de dependencia como pura propaganda pois se aproban e logo “nada de nada”. Rematou dicindo que, os servizos que ofrece o consorcio son de baixa calidade e así en centros hai baixa calidade nas prestacións con fisioterapeutas, por exemplo, para grupos de persoas, con seis horas de atención á semana.

Sometida urxencia a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a **favor: oito** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: nove** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, por maioría, non se debateu a moción.-----

117 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (R. DE ENTRADA Nº 669 DO 26/01/08) SOBRE O APOIO DESTE CONCELLO AO POBO SAHARAUI POLA OCUPACIÓN ILEGAL DE MARROCOS DO TERRITORIO DO SÁHARA OCCIDENTAL E RECLAMACIÓN DA SÚA DESCOLONIZACIÓN DEFINITIVA RECOÑECIDA POLAS NACIÓNS UNIDAS. O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, deu lectura á moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, Portavoz do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

EXPÓN:

O vindeiro 27 de febreiro celébrase o 32º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática. Sen embargo, nestes trinta e dous anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharai.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación con recoñecida a nivel internacional por supoñer unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharais sufren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, tal e como teñen denunciado non só o Frente Polisario, senón tamén organizacións de defensa dos dereitos humanos tanto de Marrocos como internacionais, o que ten conlevado declaracións de condena e rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento Europeo.

Outra parte da poboación saharai, aproximadamente 150.000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai máis de trinta anos, no deserto arxelino, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, perto da cidade de Tinduf. Nos últimos anos, e coa pretensión de dobrear ao pobo saharai, tense reducido de maneira alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindíbeis para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

Desde o alto o fogo acordado a principios dos ano 90 teñen transcorrido case 20 anos caracterizados pola oposición sistemática de Marrocos aos diferentes plans de paz formulados por Nacións Unidas que sempre, de maneira inequívoca, recoñeceron o dereito de autodeterminación do pobo saharai para decidir o seu futuro.

Ao longo destas tres décadas, cáseque un centenar de países de todos os continentes teñen recoñecido oficialmente á República Árabe Saharaui Democrática, que ademais forma parte da Unión Africana.

Por outra banda, tamén, neste período de tempo teñen sido numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharai traducidas especialmente nos centos de familias que todos os veráns acollen a cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por todo o dito, o BNG propón que o Pleno da Corporación Municipal, facéndose eco do sentir da maioría dos veciños e veciñas e desde a defensa da legalidade internacional e da solidariedade entre os pobos, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresando a condena pola ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamando a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental po parte das autoridades marroquíes.

2.- Levar a cabo as seguintes accións :

a) Establecer un irmanamento cunha *daira* saharauí, dotando a dito irmanamento de contido político, cultural, económico, solidario, etc.

b) Desenvolver campañas de información e sensibilización social en todo o concello, nos centros de ensino, etc.

c) Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz.....).

3.- Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a exixencia de cumprimento por parte de Marrocos das resolucións de nacións Unidas.

4.- Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados de Tinduf.

5.- Acórdase dar traslado deste acordos ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do goberno español, Ministro de Asuntos Exteriores, Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego e do Congreso dos Deputados, Embaixada de Marrocos en España, representante do Frente Polisario en Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.””

O **Sr. Fernández Lores** insistiu no sufrimento do pobo saharauí como se explica na moción. Solicitou a sensibilidade de todos lembrando ás familias que reciben nenos/as dos campamentos de Tinduf no período estival.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, anunciou o seu voto favorable aínda que manifestou que esperaba que non se creara un “conflito internacional”.

A **Sra. alcaldesa** tamén anunciou o voto favorable e lembrou o labor que se realiza nos servizos sociais para posibilitar a estadia dos nenos saharauís connosco e o apoio económico do Concello de Sanxenxo para este fin. Para rematar solicitoulle ó Sr. Fernández Lores que modifique a moción porque a solicitude debe dirixirse só ó presidente da Xunta, que é o que representa ó goberno galego, sendo innecesario facelo ó vicepresidente.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que era prioritario enviarllo á vicepresidencia para que así aumente os orzamentos para este labor humanitario, lembrando que vicepresidencia realmente representa unha consellería máis.

A **Sra. alcaldesa** aceptou a explicación e someteu a urxencia a votación sendo aprobada por todos os concelleiros.

Seguidamente, sometida a moción á votación foi aprobada por unanimidade de toda a corporación.-----

118 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O CONVENIO A ASINAR COA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA CONSTRUIR UN NOVO CENTRO ESCOLAR EN VILALONGA. O Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG, deu lectura á moción que literalmente di:

“D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

EXPÓN :

Con data 21 de Novembro de 2006 o Concello de Sanxenxo asinou un Protocolo de colaboración coa Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a execución das obras de reposición do C.E.I.P. Cruceiro en Vilalonga nunha parcela nova.

Por parte do Concello de Sanxenxo incumpríuse a cláusula 1º do devandito protocolo na que se fai referencia ao compromiso do Concello de poñer a disposición da Consellaría o solar para posibilitar a construción nun prazo de 6 meses.

A cláusula 4ª do protocolo comprometía ao Concello a colaborar economicamente co 50% do investimento total.

O parágrafo segundo da cláusula 9ª contén o texto seguinte: *“Para facer efectivos os compromisos adquiridos neste protocolo será necesario asinar un convenio de colaboración no que se concreten as obrigas de cada unha das institucións”.*

O C.E.I.P Cruceiro de Vilalonga aumenta cada ano o número de alumnos, tendo esgotada a capacidade para atender a demanda dos vindeiros anos.

Este é o único centro público do noso concello que ofrece un servizo de comedor escolar, xestionado pola ANPA, que por carecer de espazo non pode atender a demanda de todos os nenos e nenas que precisan deste servizo.

Son sobradamente coñecidos os problemas de acceso que presenta este colexio, tendo os alumnos que atravesar a estrada xeral para acceder ao transporte escolar, cos riscos que isto implica.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

A C O R D O S :

-Que por parte da alcaldía se proceda a asinar un convenio coa Consellaría de Educación da Xunta de Galicia que contemple os prazos seguintes, a partir do día de hoxe:

- 1.- Sinatura do convenio: 2 meses.**
- 2.- Elaboración do proxecto: 6 meses.**
- 3.- Adxudicación e inicio das obras no presente ano 2008.**

-Que o convenio adxudique a ámbalas dúas administracións os compromisos seguintes:

- 1.- Concello de Sanxenxo: Cesión gratuita dos terreos.**
- 2.- Consellaría de Educación: Financiamento da totalidade do proxecto.”**

O **Sr. Fernández Lores** expuxo os problemas do espazo que ten o Colexio de Vilalonga e que atinxe as aulas en si e ó comedor escolar. Lembrou o protocolo asinado entre a Consellería de Educación e o Concello de Sanxenxo engadindo que estaba baseado máis ben na “propaganda” porque nin se cumpriu a primeira das cláusulas en canto o prazo. Rematou dicindo que a administración autonómica debe asumir integramente o custo da obra e que bastante fai o concello poñendo a disposición os terreos.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo ía votar a favor da urxencia.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por toda a corporación.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestaba que estaba totalmente de acordo coa moción dándolle a noraboa ó BNG. Lembrou o pleno onde se tratou que o concello debía achegar o 50% das obras, e iso pareceulle máis inxusto. Rematou dicindo que había que incluír tamén ó Colexio de Dorrón.

O **Sr. Fernández Lores** manifestou que agora é moito máis urxente o tema do colexio de Vilalonga, pola carencia de espazos libres, aulas, etc.. pero que xa traerá no futuro outras iniciativas neste sentido.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que os colexios de Dorrón e Vilalonga teñen a mesma urxencia e os mesmos problemas en materia de aulas. Indicou que coa creación da ESO, os colexios de primaria quedaron con máis espazos, pero estes foron reutilizados para a realización de moitas actividades. Considerou que debía incluírse na parte dispositiva do acordo da moción o texto “solicitar a sinatura dun convenio” xa que non se pode obrigar a asinar un convenio a ningunha administración, pois depende do acordo de ámbalas dúas partes.

Sometida a moción a votación, coa modificación, foi aprobada por unanimidade, e en consecuencia a corporación municipal en pleno acordou:

PRIMEIRO: que por parte da alcaldía se solicite a sinatura dun convenio coa Consellaría de Educación da Xunta de Galicia que contemple os prazos seguintes, a partir do día de hoxe:

- a) Sinatura do convenio: 2 meses.
- b) Elaboración do proxecto: 6 meses.
- c) Adxudicación e inicio das obras no presente ano 2008.

SEGUNDO: que o convenio adxudique a ámbalas dúas administracións os compromisos seguintes:

- 1º) Concello de Sanxenxo: Cesión gratuíta dos terreos.
- 2º) Consellaría de Educación: Financiamento da totalidade do proxecto.-----

119 : MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó SERVIZO DE CORREOS (REXISTRO DE ENTRA NÚM. 667 DO 26/01/08). O **Sr. Fernández Lores**, voceiro do Grupo Municipal do BNG, deu lectura á moción que literalmente di:

""D. Roberto-Alfonso Fernández Lores, portavoz do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO.

EXPÓN:

En Galicia o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva suspensión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/As funcionarios/as do correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notábel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa estableceíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esta obriga, e crea os chamados "entornos especiais", nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes "entornos" a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de "buzóns individuais non domiciliarios" e de "casilleros concentrados pluridomiciliarios". E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será –dise- "todos os días laborábeis e, alomenos, cinco días á semana".

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá "convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios".

Prevese asemade que "se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados". É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de "entornos especiais" é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) "as vivendas ailladas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos".

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte **ACORDO**

1.- Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.””

O **Sr. Fernández Lores** manifesta que é inminente a entrada en vigor da normativa.

A **Sra. alcaldesa** manifesta que o seu grupo estaba a favor da urxencia.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por todos os concelleiros.

A **Sra. alcaldesa** solicitou ó Sr. Fernández Lores que se modifique a moción de xeito que se suprima o envío ó vicepresidente da Xunta.

O **Sr. Fernández Lores** acepta a petición.

Sometida a moción a votación, coa modificación introducida, foi aprobada por unanimidade, e en consecuencia, a corporación municipal en pleno adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.

SEGUNDO: enviar o presente acordo ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.-----

120 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 696 DO 29/01/08) SOBRE A NECESIDADE DUNHA NOVA OFICINA DE CORREOS NA VILA DE PORTONOVO E MELLORA DO SERVIZO EN TODO O CONCELLO. A voceira do Grupo Municipal Socialista, Sra. Aguíñ Pombo, deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

Os veciños de Sanxenxo que viven na zona rural así como os que viven na zona urbana están a sufrir dende fai moito tempo certos problemas co servizo de correos que se poderían resumir: en certos desvios da correspondencia e unha excesiva tardanza no seu recibo, etc.

Nalgúns casos a tardanza faise excesiva, tendo en contra que a zona da que provén a correspondencia e o seu destino adoitan ser do mesmo municipio. Hai certas notificacións como ser: as do INEM, citacións xudiciais e inscricións que incluso chegan fóra de prazo.

A oficina de correos de Portonovo é tercermundista, unhas instalacións pésimas e un horario insuficiente, dacordo coa importancia desta vila.

O Grupo Municipal Socialista, na súa vontade da procura da mellora do servizo para os seus veciños recolleu firmas entre este os cales manifestaron o seu malestar.

En consecuencia, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal :

ACORDO:

1.Dar traslado a Xefatura Provincial de Correos da necesidade dunha nova oficina para a Vila de Portonovo, cunhas instalacións e equipamentos dignos para este pobo.

2.Mellora do servizo de correos en todo o Concello de Sanxenxo incrementando o número de efectivos e fomentando o continuidade no posto de traballo.””

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que resolver o problema do servizo de correos de Portonovo é moi urxente.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo estaba de acordo coa urxencia.

Sometida a urxencia a votación foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que a oficina de correos de Portonovo non é digna e da moi mala impresión tanto ós habitantes como os turistas. Engadiu que se precisan unhas instalacións axeitadas e criticou que hai un servizo malo con continuo cambio de carteiros que prexudica a distribución da correspondencia.

A **Sra. alcaldesa** anunciou que o seu grupo ía votar a favor. Lembrou as xestións realizadas polo goberno local cos responsables de Correos en Pontevedra e desexou que este tema se solucione o antes posible.

Sometida moción a votación, foi aprobada por unanimidade de toda a corporación.-----

121 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 697 DO 29/01/08) PARA QUE SE SOLICITE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A MELLORA DA ESTRADA QUE DA TOUTICEIRA VAI A ROUXIQUE NA PARROQUIA DE VILALONGA, E O PASO DO MESMO A TITULARIDADE MUNICIPAL. O Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

”O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

A carreterra sita na parroquia de Vilalonga que recibe o nome de "Rouxique" e que transcurre dende a C550 a altura da Touticeira ata o cruce de Rouxique cunha lonxitude aproximada de 1,2 KM presenta dende fai moito tempo un lamentable estado de abandono por parte do organismo competente de levar a cabo as labores de mantemento e mellora deste vial que nesta caso non e outro que a Deputación Provincial de Pontevedra.

Este vial carece nestes intres de lugar algún habilitado para o transito de peóns así como un firme de rodadura cheo de baches e socabóns.

Por outra banda as diferentes edificacións que se foron levando a cabo durante os últimos anos fixeron que os canales que daban saída as augas de choiva se fosen tapiando ata cegar a desaparecer en algúns puntos de dito vial facendo que sexan máis as augas que transcurren polo vial que as que o fan por ditos canales.

Por todo elo, solicitamos ante o Pleno da Corporación a adopción do seguinte :

ACORDO

1. Solicitude por parte da Corporación Municipal ante a Diputación de Pontevedra da execución de obras de mellora en dito vial coa maior celeridade posible.

2. Tramitar o paso de dito vial a titularidade municipal por tratarse do único vial de titularidade Provincial dentro de ese núcleo""""".

O **Sr. Lores Puente** expuxo que é moi urxente arranxar estas deficiencias xa que os veciños de Rouxique xa están cansos de soportar que haxa arquetas sen tapas con perigo evidente.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, pronunciouse en contra da urxencia porque hai un convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra que vai investir 7 millóns de euros na mellora de vías provinciais (Barbeito, Avda. Luis Rocafort, esta estrada, etc...)

Sometida a urxencia votación acadou o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: 9** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non se debateu esta moción.-----

122 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 698 DO 29/01/08) SOLICITANDO A SUBSANACIÓN DE DIVERSAS DEFICIENCIAS NO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES DE PORTONOVO. A voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Sra. Aguín Pombo, deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

""O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

O Edificio de Usos Múltiples de Portonovo sobre unha serie de deficiencias que aínda non están subsanadas: a calefacción non se pode utilizar, os cadros de electricidade están tapados cunha caixa de cartón, o tellado sigue igual no mesmo estado, a pintura exterior é inexistente, a porta da entrada esta rota.

Tendo en conta o servizo que este edificio presta ós veciños non so de Portonovo senón tamén dos arredores.

En consecuencia, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal.

MOCIÓN

1.Subsanar todas estas deficiencias na menor brevedad para mellorar a calidade das instalacións do Edificio de Usos Múltiples de Portonovo e ter un lugar cómodo para tódolos usuarios.””

A **Sra. Aguíñ Pombo** recoñeceu que a calefacción xa funciona pero que hai moitas outras deficiencias no edificio. Aínda agradecendo o arranxo da calefacción considerou urxente aprobar a moción.

Tamén se manifestou en favor da urxencia o **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, sobre todo o pintado do edificio.

A **Sra. alcaldesa** lembrou a compra do edificio na época na que o Sr. Rodríguez Lorenzo presidía a corporación e solicitoulle á Sra. Aguíñ Pombo que visite o edificio para comprobar os arranxos realizados. Rematou dicindo que está en contra da urxencia porque non son precisos acordos da corporación en este sentido xa que a empresa que está executando o proxecto de humanización de Portonovo é a encargada de completar tódalas obras necesarias no edificio, dentro das melloras da adxudicación.

Sometida a urxencia votación acadou o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: 9** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non se debateu esta moción.-----

123 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 699 DO 29/01/08) PARA QUE SE SOLICITE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA QUE O TRAMO DA ESTRADA QUE VAI DO RÍO NOVO EN BARBEITO ATA O NOVO CRUCE DA ESTRADA DE ADINA, SEXA ASFALTADO. A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura a seguinte moción que literalmente di:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguíñ Pombo e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN

A estrada da Adina, concretamente dende o tramo do Río Novo, pasando polo cruceiro de Barbeito ata o novo cruce, ten un asfaltado en moi mal estado, a inexistencia de beirarrúas e

outras existentes en moi mal estado, así como a afundimento das tapas de rexistro do alcantarillado. Estas deficiencias son un grave perigo para os viandantes así como para o seus usuarios de dita carretera.

Esta estrada é de unha gran importancia para o concello de Sanxenxo, comunica dous gran núcleos de poboación, Portonovo e Adina.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte :

ACORDO:

1. Instar Diputación de Pontevedra para que dito tramo sexa asfaltado nun prazo breve de tempo, dotando de beirarrúas e reparando tódolos deficiencias existentes.””

A **Sra. Aguín Pombo** manifestou que é urxente a reparación pois a estrada é moi utilizada, non hai beirarrúas, hai herbas entre o cemento, faltan tapas de rexistro, etc.

A **Sra. alcaldesa** manifesta que o seu grupo ía votar en contra da moción porque esta obra forma parte do paquete de actuacións da deputación obxecto do convenio asinado co concello, engadindo que o goberno local é o máis interesado en que se solucione o tema canto antes.

Sometida a urxencia votación acadou o seguinte resultado:

Votos a **favor: 8** (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en **contra: 9** (Grupo Municipal do PP).

En consecuencia, non se debateu esta moción.-----

Sendo as vinte e catro horas e cero minutos, e rematado o día 29 de xaneiro, a Sra. alcaldesa levanta a sesión en base o art. 87.1 do ROF anunciando que quedan sen debater para a seguinte sesión ordinaria as seguintes **mocións:**

- Moción do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 29 de xaneiro (R. de entrada núm. 700).

- Moción do Grupo Municipal do PP sobre a entrada en vigor do canon dixital.

Tamén quedan pendentes os seguintes **rogos:**

- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 10/01/08 (R. de entrada núm. 269).

- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 10/01/08 (R. de entrada núm. 270).

- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 14/01/08 (R. de entrada núm. 386).

- Escrito do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 15/01/08 (R. de entrada núm. 408).

- Escrito do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 15/01/08 (R. de entrada núm. 409).

- Escrito do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 15/01/08 (R. de entrada núm. 410).

- Escrito do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 15/01/08 (R. de entrada núm. 412).

Asemade, tamén quedan pendentes as seguintes **preguntas**:

- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 04/12/07 (R. de entrada núm. 7817).
- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 15/12/07 (R. de entrada núm. 8072).
- Escrito do Grupo Municipal do BNG do 12/01/08 (R. de entrada núm. 340).
- Escrito do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo do 15/01/08 (R. de entrada núm. 411).
- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 28/01/08 (R. de entrada núm. 692).
- Escrito do Grupo Municipal Mixto do 28/01/08 (R. de entrada núm. 693).

De todo o que, eu secretario, dou fe:

